



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 13 DE FEBREIRO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA (incorpórase ás 11:45 horas)

CARMELA PRIETO CAL

MAGDALENA PEREZ VILLAR

JESUS ROMERO CARRACELAS

ERMITAS GARCIA RIOS

MANUEL MARTINEZ LOPEZ

LUIS RUBIDO RAMONDE

MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia os Concelleiros:

ESTEBAN BLANCO GARROTE

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ

MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 11:35 horas do día 13 de febreiro de 2023, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto. A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



O Sr. Alcalde di: Antes de comezar coa orde do día quería comentar unhas cousas. Primeiro, desculpar as ausencias das persoas que non poden estar. O venres pasado falei con María José e díxome que estaba enfadada por poñer o Pleno un luns pola mañá porque tiña traballo. Intentei cambiálo para o domingo, pero por circunstancias persoais de varias persoas foi imposible.

Neste mandato non se cambiaron as datas de moitos Plenos, creo que cambiamos dous ou tres. No anterior mandato cambiamos 15 ou 16 entre Plenos e Comisións Informativas. Creo que calquer Concelleiro que se presenta nunha Corporación ten os seus deberes e os seus dereitos de poder asistir a calquer comisión ou sesión plenaria, pero tamén hai que deixar constancia que teñen dereitos legais para poder solicitar estas horas. É dicir, calquer persoa podería estar aquí se solicita o día porque ten dereito por lei a que llelo den.

Teño aquí diante a Lei de Bases de Réxime Local, está en castelán vouna ler en galego: “a efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos Traballadores e no artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo dunha Corporación local, o necesario para a asistencia ás sesións do pleno da Corporación ou das Comisións e atención ás Delegacións de que forme parte ou que desempeñe o interesado.”

O artigo 37.3 do Estatuto dos Traballadores di que “o traballador, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

d) Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ao que esta dispoña en canto á duración da ausencia e a súa compensación económica. (...) No suposto de que o traballador, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe da mesma do salario ao que tivera dereito na empresa.” Isto refírese a cando é máis do 20% da xornada laboral.

Así mesmo, a Lei reguladora da Administración Local de Galicia di que “os membros das Corporacións Locais que non teñan dedicación exclusiva nesta condición terán garantizada, durante o período do seu mandato, a permanencia no centro ou centros de traballo públicos ou privados en que estivesen prestando servizos no momento da elección e a disposición do tempo preciso para o exercicio do cargo, sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a outras prazas vacantes en distintos sitios.”

O Sr. Alcalde continúa dicindo: Hai circunstancias e pódese permitir perfectamente e solicitar por parte de toda persoa traballadora por conta allea. De todos modos, este Pleno debería celebrarse en xaneiro. Temos dous puntos moi importantes: o POS, que hai que presentalo antes de pasado mañá, mañá comezaremos a subir toda a documentación, e puxémolo pola mañá porque un dos nosos Concelleiros, por motivos persoais, non pode acudir hoxe e despois non vai estar en territorio nacional. Na Comisión Informativa do pasado mércores xa se informou de que o Pleno ía a ser este luns ás 11:30 horas, nesa Comisión tampouco participaron persoas que hoxe non están no Pleno. Tamén quero recordar que durante o ano 2022, e xa non me vou a outros anos, persoas que hoxe non están faltaron a catro Plenos e a tres ou catro Comisións Informativas e, en ningún momento, ninguén lles reprochou nada, porque cada un ten as súas circunstancias persoais. Cando se convoca un Pleno para un luns ás 11:30 horas, facémolo polo ben de todas e todos e sentimos moito que non todo o mundo poida participar. Estamos abertos a que calquer partido poida presentar calquera cousa e respostar a todas as preguntas e inquiredanzas que poida haber. Os Plenos seguiranse facendo nas datas que correspondan, pero que se saiba que a lei o permite e que os que representamos a unhas listas temos que saber que hai que ter esa dispoñibilidade se non temos dedicación exclusiva.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DO PLENO ORDINARIO DE DATA 24.11.2022 E DOS PLENOS EXTRAORDINARIOS DE DATAS 20.04.2022 E 22.06.2022

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión ordinaria realizada o 24.11.2022 e ás actas das sesións extraordinarias de datas 20.04.2022 e 22.06.2022.



A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación das actas do plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de 24.11.2022 e aos extraordinario de 20.04.2022 e 22.06.2022 resultando aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes.

Sendo as 11:45 horas o Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Manuel Pérez Riola, incorpórase ó salón de plenos.

2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 07.02.2023, que di:

“Visto o expediente do Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o exercicio económico 2023, integrado pola documentación preceptiva recollida nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Vistos os informes da Intervención municipal de fiscalización e de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de débeda pública, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais e co artigo 11 e seguintes da Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, esta Alcaldía no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o exercicio 2023, que ascende tanto no seu estado de ingresos como no de gastos á cantidade de **SEIS MILLÓNS CATROCENTOS DOUS MIL SETECENTOS CORENTA E SETE EUROS E ONCE CÉNTIMOS DE EURO (6.402.747,11€)**, co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS

	CAPÍTULO	2023
1	Impostos directos	2.057.820,76
2	Impostos indirectos	65.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	943.149,65
4	Transferencias correntes	2.730.122,55
5	Ingresos patrimoniais	141.416,70
7	Transferencias de capital	465.237,45
	TOTAL	6.402.747,11

ESTADO DE GASTOS



	CAPÍTULO	2023
1	Gastos de persoal	3.234.396,20
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.998.550,65
3	Gastos financeiros	5.000,00
4	Transferencias correntes	430.532,23
6	Inversións reais	695.268,03
7	Transferencias de capital	36.000,00
8	Activos financeiros	3.000,00
	TOTAL	6.402.747,11

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, a plantilla, anexos e demais documentación complementaria que acompaña a este Orzamento.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o ano 2023, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte a aquel en que apareza publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polas persoas interesadas, de acordo co disposto no artigo 150.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde informa de que a Concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Magdalena Pérez Villar, vai absterse de votar e abandona o salón de Plenos por ser a nai da Presidenta da Asociación sobre rodas que ten unha subvención nominativa.

Sendo as 11:47 horas a Concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Magdalena Pérez Villar, abandona o salón de plenos.

O Sr. Rubido Ramonde di: No capítulo de inversións; a renovación do ascensor do auditorio, é renovación do actual ascensor ou por fin vaise cumprir o compromiso que adquiriu de instalar outro, un segundo ascensor?

O Sr. Alcalde di: Agora mesmo hai unha cantidade de 18.000 euros que se deixou, e a través do fondo de compensación ambiental, que nos veu no mes de xaneiro, estamos preparando un proxecto técnico co que se vai cambiar o ascensor, con esta subvención, por un ascensor que sexa máis eficiente enerxético. Estamos estudando varias posibilidades, unha era cambiar a cabina e colocar outro ascensor máis. Outra era poñer un ascensor novo no actual, non so arranxando a cabina, senón tamén os mecanismos para que o ascensor parta da planta 0, e non da planta -1 como está agora, porque ás veces temos problemas de inundacións. E a terceira opción era cambiar un e despois o outro. Con esta subvención o que imos facer é cambiar por completo o ascensor actual que temos. Cremos que é



a mellor opción porque un ascensor deste tipo que cumpra todas as especificacións e sexa tan moderno, vale 42.000 euros. Vaise ter que sacar unha licitación pública, non pode ser un contrato con tres orzamentos. E seguramente, se as características deste ascensor cumpre co que tiñamos pensado todos, queríamos meter no remanente o ascensor do que se falou tantas veces no pleno, que sería un segundo ascensor. De momento, cando o orzamento estea debidamente aprobado, eses 18.000 euros meteranse nunha modificación de crédito porque imos facer o ascensor co FCA, co cal podémolo facer moitísimo mellor e así abarcar unha obra enteira. Agora mesmo é moi necesario facelo enteiro. Estudamos varias posibilidades cando se fixo isto, o que pasa é que tiñamos xa montado o orzamento e veunos a posibilidade desta subvención a maiores e por iso o metemos.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu creo que habería que explorar a opción da instalación dun ascensor no exterior porque, ás veces, penso que semellante edificio está infrautilizado. Creo que ter un ascensor con catro prazas é insuficiente, aínda que se faga un segundo. Habería que valorar a instalación dun ascensor de gran tamaño, partindo do exterior, pero agora non toca iso.

En canto ás farolas da Ponte Nova, preocúpame que se instalen novas farolas e que sexan moi eclécticas en relación coas do casco antigo. Non vaíamos a substituílas por faros horribles, como se fixo na Praza Roxa. Qué ides facer alí?

O Sr. Alcalde di: Na Praza Roxa o que se puxeron foron unhas luces que para ti son horribles, para a maioría dos veciños son bastante bonitas e cumpren a súa función. Precisamente puxéronse máis altas para dar un servizo mellor. Coa estrutura do tipo de luminaria que había antigamente non se pode poñer un poste dese tipo de luminaria, senón destas. Está claro que para gustos cores.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nesta primavera e no verán van chocar coas copas das árbores, qué tipo de farola se pensa poñer?

O Sr. Alcalde di: En canto ás farolas da Praza roxa, calquera tipo de farola para que alumee canto máis altas mellor, polo tipo de farola que se poñen agora, xa se está vendo na praza diante do auditorio. As farolas actuais que hai na Ponte Nova para min son preciosas, sobre todo, para ese tipo de estrutura. Son farolas que xa teñen moitísimos anos e xa non se fabrican dese tipo, co cal están obsoletas e temos que comprar catro máis. E, probablemente, nalgún momento teremos que comprar as da Ponte Vella para que vaian a xogo. O que se vai facer é comprar farolas modernas e eficientes enerxéticamente, pero cun modelo moi semellante ao actual. O que faremos é coas farolas que saquemos desta ponte e cando se cambien as da Ponte Vella intentaremos recuperalas e levalas a unha praza, porque son farolas que non deberíamos de cambiar. Agora por exemplo, tamén se van a meter as farolas novas que se reutilizaron, as que había na Praza 18 de decembro, leváronse para a Praza da Reitoral e agora vanse cambiar, xa están compradas e dentro de pouco vanse instalar. A idea é poñer unhas farolas semellantes ás que había antes en canto á estrutura e decoración, pero en led e eficientes enerxéticamente. O que non hai son as de antes porque están totalmente descatalogadas.

O Sr. Rubido Ramonde di: Haberá que pedirlle autorización e informe a Patrimonio, digo eu.

O Sr. Alcalde di: Como facemos sempre.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nada máis.

O Sr. Alcalde di: En relación con este punto, quería dicir que o orzamento incrementouse nun un e pico por cento, máis de 1.300.000 euros van ir a Servizos sociais. Dentro do que son as inversións, van aumentar 143.000 euros que é máis dun 20%. O anexo de subvencións totais vai aumentar un 12%. Dentro de este anexo, gustaríame destacar unha serie de partidas, como son por exemplo: a de Protección civil, máis dun 11,23%; dentro de cultura, as axudas para gastos correntes en réxime de



concorrenza competitiva que van aumentar nun 33,33%; a convocatoria de axudas a investimentos en réxime de concorrenza competitiva que van aumentar nun 60%, en deportes; a convocatoria para axudas de gastos correntes en réxime de concorrenza competitiva aumenta nun 33,33% e os investimentos para axudas en réxime de concorrenza competitiva aumentan nun 60%; en cultura para as escolas de música aumenta a partida nun 19,56%. Total que entre as axudas a entidades deportivas, culturais, sociais e veciñais, o investimento do Concello de Cedeira é de 285.300 euros, co cal estase demostrando a posta en valor polas asociacións, realmente é unha das partes máis importantes e dinamizadoras que temos no noso pobo e que debemos seguir coidando, como xa se coidaron antes e como se van a coidar seguramente en futuros gobernos. Son o noso futuro e o factor diferenciador con outras localidades semellantes á nosa. É a aposta deste goberno e cremos que será a aposta da Corporación, seguir apostando polo tecido asociativo da vila.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por seis (6) votos a favor do PSdeG-PSOE e dous (2) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

Sendo as 11:58 horas a Concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Magdalena Pérez Villar, reincorpórase ó salón de plenos.

3. APROBACIÓN INICIAL DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 07.02.2023, que di:

“Esta Alcaldía inicia expediente para levar a cabo a aprobación do catálogo de postos de traballo onde figura proposta descritiva no que se detallan as prazos do cadro de persoal municipal.

No proxecto de orzamento 2023 figura recollida dita previsión referida ao cadro de persoal, a súa dimensión económica ou sexa, sobre o gasto que, de ser o caso, supón a aprobación do cadro de persoal, sendo complementada coas tarefas asignadas a cada posto de traballo.

Dito catálogo de postos de traballo ven motivado pola necesidade de que a mesma responda aos principios de racionalidade, economía e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía recollendo adaptacións producidas durante o 2022.

A presente proposta de catálogo de postos de traballo responde á necesaria planificación dos recursos humanos dentro deste Concello como parte integrante da Administración Pública, a cal debe tender á procura e consecución da maior eficacia posible na prestación dos servizos públicos que ten encomendados, respectando escrupulosamente o ordenamento xurídico o que supón a utilización das técnicas e medidas establecidas na lexislación vixente, todo iso de acordo co mandato constitucional contido no artigo 103.1, que establece que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía descentralización, desconcentración, e coordinación con sometemento pleno á Lei e ao dereito.

Neste sentido a presente proposta é unha consecuencia da potestade de auto-organización do Concello, recoñecida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, potestade que se manifesta, no que se refire aos recursos humanos, de forma discrecional para configurar unha organización adaptada ás necesidades concretas de cada Entidade Local, e que supón unha obxectividade das funcións na que se definan as características referentes a cada posto de traballo (definición do traballo, enumeración de tarefas, horario e xornada de traballo, denominación do posto do que se depende, denominación e número aproximado de postos inmediatamente dependentes, etc.).



Visto todo o que antecede considérase que, téndose seguida a tramitación establecida na lexislación aplicable, procede a aprobación do expediente polo Pleno da corporación de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En base ao exposto, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o catálogo de postos de traballo que figura como anexo da presente proposta.

SEGUNDO. Que se someta este acordo á información pública por un prazo de quince días mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que consideren pertinentes. Unha vez transcorrido dito prazo, se non se presentan alegacións entenderase como definitivo o acordo de aprobación inicial.

TERCEIRO. O presente catálogo de postos de traballo terá eficacia provisional en tanto en canto non se tramite e aprobe a preceptiva Relación de Postos de Traballo que dun xeito definitivo organice as distintas áreas do Concello, as tarefas e sistema retributivo de cada posto de traballo.

**Asinado en Cedeira polo alcalde,
na data sinalada á marxe.**

ANEXO

CATALOGO DE POSTOS DE TRABALLO 2023

As cantidades asignadas a cada praza son por xornada completa (37 horas e 30 minutos semanais), nos contratos a tempo parcial aplicárase o porcentaxe que para cada un corresponda en función da xornada que realice.

A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada dará lugar, salvo xustificación, a correspondente dedución proporcional de haberes.

En canto as retribucións esterase o sinalado neste catálogo, nos orzamentos, nas bases de execución do orzamento; e nas táboas salariais do Concello de Cedeira para o exercicio de 2023.

O traballador/a que desempeñe a plena dispoñibilidade, terá dereito a percibir unha cantidade de 473,63 Euros brutos mensuais. Este traballador terá plena dispoñibilidade horaria sen que se supere, en computo anual, a xornada laboral ordinaria. Dito complemento denominarase “Complemento de Libre Dispoñibilidade (CdLD)”.

Se foran mais de un/unha os que desempeñaran a plena dispoñibilidade, a cantidade de 473,63 euros brutos mensuais repartiríase entre os mesmos.

A designación e cese da/s plenas dispoñibilidades farase mediante decreto da Alcaldía.

As persoas que desempeñen efectivamente as labores de “Secretaría da alcaldía e outros concelleiros”, funcións da “Xefatura da policía local”, e funcións de “Coordinación do persoal temporal de obras, servizos, limpeza e mantemento que sexan subvencionados total ou parcialmente por outras Administracións Públicas”, terán dereito a percibir unha cantidade en concepto de “Produtividade” polo desempeño de funcións adicionais sen menoscabo das responsabilidades correspondentes ao seu posto de traballo. O importe mensual queda fixado en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Secretaría da alcaldía e outros concelleiros”; en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Xefatura da policía local”; e en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Coordinación do persoal temporal de obras, servizos, limpeza e mantemento que sexan subvencionados total ou parcialmente por outras Administracións Públicas”. Se as labores se desempeñan entre máis dunha persoa o importe repartiríase proporcionalmente entre as devanditas persoas.

Do mesmo xeito as persoas que desempeñen efectivamente as labores do “Punto de información catastral” e as labores do “Mantemento do sistema de control horario”, terán dereito a percibir unha cantidade en concepto de “Produtividade” polo desempeño de funcións adicionais sen menoscabo das responsabilidades correspondentes ao seu posto de traballo. O importe mensual queda fixado en 120 € brutos mensuais polo desempeño das labores do “Punto de información catastral” e de 420 € brutos mensuais polas funcións de “Mantemento do sistema de control horario”. Se as labores ou funcións son desempeñadas por máis dunha persoa o importe repartiríase proporcionalmente entre as devanditas persoas.

A designación e cese das persoas que desempeñen as devanditas funcións realizarase mediante decreto da Alcaldía.

Cando no departamento de seguridade e orde público existan prazas vacantes non cubertas provisionalmente, ou se produzan situacións de incapacidade laboral temporal de longa duración que non poidan cubrirse provisionalmente, que dan como resultado unha minoración do número de efectivos, e se considere necesario por parte da Alcaldía que a policía local preste servizos pola asistencia fora da



xornada habitual aos traballos de vixilancia e cumprimento das normas en relación coa pandemia da Covid-19, cobertura a aqueles eventos que se determinen, tales como o feira mensual, mercados, festas, probas deportivas, espectáculos públicos e actividades recreativas ou similares, xa teñan lugar en fin de semana ou por semana, a Alcaldía poderá dispoñer o pagamento en concepto de produtividade dun importe de 200 € brutos mensuais ós membros da Policía Local que mediante decreto sexan designados para a asistencia fóra da xornada habitual aos eventos que se determinen, fixando en dito decreto os funcionarios que teñen dereito a percibila e o inicio e fin da mesma, e mentres se manteña a referida situación de falta de persoal para a prestación dos servizos.

No orzamento de 2020, e dentro do grupo de función 931 – Política Económica e Fiscal – Creouse a praza de Técnico de Xestión (Adm. Xeral) co código 15022TXAX01 para cubrir por promoción interna entre os administrativos que cumpran os requisitos esixidos. A praza do administrativo que promocióne declarárase a extinguir e se esta que se extingue resulta ser do departamento de secretaría levarase a cabo a oportuna reorganización entre departamentos, adscribindo a un dos administrativos de servizos económicos a secretaría.

O complemento específico está referido a unha mensualidade, abonándose igualmente nas pagas extraordinarias.

132 – SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO

OFICIAL

Titular: Alberto DÍAZ GARCÍA
Código: 15022OFP01
Persoal: Funcionario
Subgrupo: C1
Escala: Administración Especial
Subescala: Servizos Especiais
Escala C.P.L.: Básica
Categoría: Oficial
Nivel Complemento Destino: 20
Complemento Específico: 560,05
Adscripción: Administración Local
Titulación: Bacharelato, FP2 ou equivalente
Funcións e Tarefas:

- As propias do seu posto de traballo atribuídas pola Lei 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento.
- Policía Administrativa e participar nas funcións de policía xudicial na forma establecida no artigo 29.2 de Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Executar as directrices emanadas da Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a.
- Apoiar as demais áreas funcionais cando así sexa disposto.
- As demais estipuladas por Lei ou normativa de desenvolvemento.

POLICÍA

Titular: Pablo JATO DÍAZ
Código: 15022GP02
Persoal: Funcionario
Subgrupo: C1
Escala: Administración Especial
Subescala: Servizos Especiais
Escala C.P.L.: Básica
Categoría: Policía
Nivel Complemento Destino: 18
Complemento Específico: 490,34
Adscripción: Administración Local
Titulación: Bacharelato, FP2 ou equivalente
Funcións e Tarefas:

- As propias do seu posto de traballo atribuídas pola Lei 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento.
- Policía Administrativa e participar nas funcións de policía xudicial na forma establecida no artigo 29.2 de Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Executar as directrices emanadas do seu superior xerárquico, Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a.
- Apoiar as demais áreas funcionais cando así sexa disposto.
- As demais estipuladas por Lei ou normativa de desenvolvemento.

POLICÍA

Titular: David RODRÍGUEZ CASTRO
Código: 15022GP03
Persoal: Funcionario
Subgrupo: C1



Escala: Administración Especial
Subescala: Servicios Especiais
Escala C.P.L.: Básica
Categoría: Policía
Nivel Complemento Destino: 18
Complemento Específico: 490,34
Adscrición: Administración Local
Titulación: Bacharelato, FP2 ou equivalente
Funcións e Tarefas:

- As propias do seu posto de traballo atribuídas pola Lei 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento.
- Policía Administrativa e participar nas funcións de policía xudicial na forma establecida no artigo 29.2 de Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Executar as directrices emanadas do seu superior xerárquico, Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a.
- Apoiar as demais áreas funcionais cando así sexa disposto.
- As demais estipuladas por Lei ou normativa de desenvolvemento.

POLICÍA

Titular: Jesús Caruncho Álvarez
Código: 15022GP04
Persoal: Funcionario
Subgrupo: C1
Escala: Administración Especial
Subescala: Servicios Especiais
Escala C.P.L.: Básica
Categoría: Policía
Nivel Complemento Destino: 18
Complemento Específico: 490,34
Adscrición: Administración Local
Titulación: Bacharelato, FP2 ou equivalente
Funcións e Tarefas:

- As propias do seu posto de traballo atribuídas pola Lei 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento.
- Policía Administrativa e participar nas funcións de policía xudicial na forma establecida no artigo 29.2 de Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Executar as directrices emanadas do seu superior xerárquico, Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a.
- Apoiar as demais áreas funcionais cando así sexa disposto.
- As demais estipuladas por Lei ou normativa de desenvolvemento.

POLICÍA

Titular: Vacante
Ocupada interinamente: Santiago Vélez Serrano
Código: 15022GP05
Persoal: Funcionario
Subgrupo: C1
Escala: Administración Especial
Subescala: Servicios Especiais
Escala C.P.L.: Básica
Categoría: Policía
Nivel Complemento Destino: 18
Complemento Específico: 490,34
Adscrición: Administración Local
Titulación: Bacharelato FP2 ou equivalente
Observacións: Comisión de servizos
Funcións e Tarefas:

- As propias do seu posto de traballo atribuídas pola Lei 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento.
- Policía Administrativa e participar nas funcións de policía xudicial na forma establecida no artigo 29.2 de Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Executar as directrices emanadas do seu superior xerárquico, Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a.
- Apoiar as demais áreas funcionais cando así sexa disposto.
- As demais estipuladas por Lei ou normativa de desenvolvemento.

151 – URBANISMO: Plan, xestión, execución e disciplina urbanística



TÉCNICO MUNICIPAL

Titular: Antonio Rodríguez Fabello
Código: 15022TM01
Persoal: Funcionario
Subgrupo: A1
Escala: Administración Especial
Subescala: Técnica
Clase: Superior
Nivel Complemento Destino: 24
Complemento Específico: 1.329,40
Adscripción: Administración Local
Titulación: Arquitecto Superior
Funcións e Tarefas:

- Asesoramento ao concello en materia de planeamento ou xestión cando sexa requirida pola Alcaldía ou Concelleiro/a delegado/a.
 - Redacción de memorias valoradas e anteproxectos que lle sexan encomendados sobre obras, subministracións e servizos municipais.
 - Valoracións periciais e informes sobre bens, previstos na lexislación local, especialmente relativos a alleamento, adquisición, permuta ou aluguer de bens.
 - Colaboración, supervisión e seguimento en modificacións ou revisións ao plan xeral de ordenación municipal e planeamento e desenvolvemento.
 - Prestación de asistencia técnica e asesoramento requirido pola corporación e outros órganos colexiados, nas materias da súa competencia.
 - Supervisión da cartografía do Municipio e elaboración dos sistemas de información xeográfica do municipio.
 - Elaboración de pregos de prescricións técnicas particulares para a contratación de obras, subministracións e servizos.
 - Dirección, inspección, control e vixilancia de obras municipais, subministracións e servizos municipais a petición da Concellaría de obras ou Alcaldía.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indiquen po-lo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a e as demais que dispoña a lexislación vixente.

TÉCNICO DE GRAO MEDIO

Titular: Vacante
Ocupada Interinamente: Marcos Fernández Vieito
Código: 15022AP01
Persoal: Funcionario
Subgrupo: A2
Escala: Administración Especial
Subescala: Técnica
Clase: Media
Nivel Complemento Destino: 20
Complemento Específico: 808,49
Adscripción: Administración Local
Titulación: Arquitecto Técnico - Aparellador
Funcións e Tarefas:

- Informes de licenzas de obras menores, obras maiores, primeira ocupación, aperturas, parcelacións, ocupación do dominio público, reposición da legalidade e infraccións urbanísticas.
- Informes de valoracións para ordenanzas fiscais e de prezos públicos.
- E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indiquen po-lo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a e as demais que dispoña a lexislación vixente.

231 – ASISTENCIA SOCIAL

TRABALLADOR/A SOCIAL

Titular: Vacante
Ocupada interinamente: Sofía Mesía Fraga
Código: 15022TS01
Persoal: Funcionario
Subgrupo: A2
Escala: Administración Especial
Clase: Media
Nivel Complemento Destino: 20
Complemento Específico: 389,96
Adscripción: Administración Local
Titulación: Diplomado/G. Traballo Social



Funcións e Tarefas:

- Coordinación dos Servizos Sociais do concello de Cedeira.
- Propoñer temas e remitir informes e estudos a Concellería de Servizos Sociais por propia iniciativa ou ben elaborar informes e estudos a petición da mesma.
 - Informar a Concellería de Servizos Sociais sobre o funcionamento dos servizos municipais de carácter asistencial e social.
 - Asesorar a Corporación en materia de Benestar Social, elaborar estudos e programas para a súa actuación neste campo e colaborar a súa realización.
 - Manter actualizada a información sobre axudas e prestacións, recursos e servizos en materia de asistencia social, arbitradas por diversos organismos.
 - Valorar a situación social dos veciños e grupos de veciños que demanden algunha intervención por parte dos servizos municipais, deseñar e propoñer os implicados a forma máis adecuada de mellorar dita situación, contando para iso coas axudas, prestacións, recursos e servizos que sexan pertinentes e estean dispoñibles.
 - Prestar orientación e apoio e realizar o seguimento das situacións atendidas. Cando así se requira propoñer a concesión de axudas municipais, valorar, informar e tramitar solicitudes ante o Concello e outros organismos efectuando o seu seguimento.
 - Elaborar estudos e programas de actuación orientados a mellora das condicións de vida e convivencia e superación e prevención das situacións de desvantaxe social, colaborar na súa coordinación e realización, promovendo a participación dos veciños, asociacións e institucións, e participando na súa avaliación.
 - Establecer e manter relacións con asociacións, institucións e organismos relacionados co benestar social.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións lle indique a Alcaldía e Concellería/o de Servizos Sociais, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

ASISTENTE SOCIAL

Titular: Vacante
Código: 15022AS-02
Persoal: Laboral
Cobertura temporal por: María Luisa Pérez Piñón
Salario Base: 1.087,63
Complemento Convenio: 638,09
Adscrición: Administración Local
Titulación: Asistente Social/Diplomatura/Grao
Funcións e Tarefas:

- Propoñer temas e remitir informes e estudos a Concellería de Servizos Sociais por propia iniciativa ou ben elaborar informes e estudos a petición da mesma.
 - Informar a Concellería de Servizos Sociais sobre o funcionamento dos servizos municipais de carácter asistencial e social.
 - Asesorar a Corporación en materia de Benestar Social, elaborar estudos e programas para a súa actuación neste campo e colaborar a súa realización.
 - Manter actualizada a información sobre axudas e prestacións, recursos e servizos en materia de asistencia social, arbitradas por diversos organismos.
 - Valorar a situación social dos veciños e grupos de veciños que demanden algunha intervención por parte dos servizos municipais, deseñar e propoñer os implicados a forma máis adecuada de mellorar dita situación, contando para iso coas axudas, prestacións, recursos e servizos que sexan pertinentes e estean dispoñibles.
 - Prestar orientación e apoio e realizar o seguimento das situacións atendidas. Cando así se requira propoñer a concesión de axudas municipais, valorar, informar e tramitar solicitudes ante o Concello e outros organismos efectuando o seu seguimento.
 - Elaborar estudos e programas de actuación orientados a mellora das condicións de vida e convivencia e a superación e prevención das situacións de desvantaxe social, colaborar na súa coordinación e realización, promovendo a participación dos veciños, asociacións e institucións, e participando na súa avaliación.
 - Establecer e manter relacións con asociacións, institucións e organismos relacionados co benestar social.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións lle indique a Alcaldía e Concellería/o de Servizos Sociais, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

EDUCADOR/A FAMILIAR

Titular: Vacante
Código: 15022EF01
Persoal: Laboral
Cobertura temporal por: María Bustabad Martínez.
Salario Base: 1.087,63
Complemento Convenio: 638,09
Adscrición: Administración Local
Titulación: Asistente Social/Diplomatura/Grao
Observacións:
Funcións e Tarefas:



- Información xeral o público, solicitudes e informe de todo tipo de expedientes, distribución de documentación.
- Informes e certificados de documentación e outros, seguimento e tramitación de expedientes dos Servizos Sociais, manexo de ordenadores, tratamento de textos, follas de cálculo, bases de datos, faxes, maquinaria electrónica, etc.
- E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións lle indique a Alcaldía e Concellería/o de Servizos Sociais, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

PSICÓLOGO/A

Titular:	Vacante
Código:	15022PS01
Persoal:	Laboral
Ocupado temporalmente ó 66,66 % da xornada por:	María del C. García Arribi
Salario Base:	1.281,52 (xornada completa)
Complemento Convenio:	750,69 (xornada competa)
Adscrición:	Administración Local
Titulación:	Psicólogo/a/Licenciado/a/Grao
Observacións:	Ocupada ó 66,66 % da xornada
Funcións e Tarefas:	

- Asesoramento e consultaría ó persoal de servizos sociais, a concellería/o delegado/a e á corporación en materia de igualdade e de benestar social dende as perspectivas da psicoloxía clínica e da social, e elaborar estudos e programas para a súa actuación neste campo e colaborar na súa realización.
 - Propoñer temas e remitir informes e estudos a Concellería de Servizos Sociais por propia iniciativa ou ben elaborar informes e estudos a petición da mesma.
 - Atención directa clínica, a persoas e a grupos, realizando psicoterapia, diagnósticos e informes ben a petición das persoas usuarias, ben das institucións oficiais que o demanden; así como prestar orientación e apoio e realizar o seguimento das situacións atendidas.
 - Atención directa psicossocial, a persoas e a grupos tendendo, en todo caso, á construción de competencias, habilidades e recursos das persoas usuarias, cara a que enfrenten as súas problemáticas –e previndo, na medida do posible, as futuras-con posibilidades de éxito valorando a situación psicolóxica e/ou psicossocial, deseñando e propoñendo a forma máis adecuada de mellorar dita situación, incluído a orientación encamiñada á formación, á procura de emprego é ó uso do tempo libre, contando para iso coas axudas, prestacións, recursos e servizos que sexan pertinentes e estean dispoñibles. Prestar orientación e apoio e realizar o seguimento das situacións atendidas.
 - Realización de planificación e programas de servizos sociais especializados en coordinación coa Traballadora Social. Supervisión, seguimento e avaliación de ditos programas.
 - Manter actualizada a información sobre axudas e prestacións, recursos e servizos en materia de igualdade e demais servizos sociais especializados, arbitradas por diversos organismos.
 - Establecer e manter relacións, procurando a coordinación, con asociacións, institucións e organismos relacionados coa igualdade e o benestar social.
 - Planificación de campañas de sensibilización e concienciación á comunidade de problemas que afectan a colectivos específicos.
 - E, en xeral, tódalas tarefas relacionadas coa psicoloxía clínica e a social, dentro dos servizos sociais especializados, e aquelas que, dentro das súas funcións, lle indique a Alcaldía e Concellería delegada de Servizos Sociais, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Titular:	Vacante
Persoal:	Laboral
Código:	15022AUXSS-01
Ocupada temporalmente por:	Indefinida non fixa. Benigna López Pérez.
Salario Base:	662,94
Complemento Convenio:	853,32
Adscrición:	Administración Local
Titulación:	ESO, Graduado Escolar, FP1 o equivalente
Observacións:	Aux. Administrativo Serv. Sociais
Funcións e Tarefas:	

- Tarefas de mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, atención o público, distribución de documentación, e outros similares.
 - Manexo de ordenadores, tratamento de textos, follas de cálculo, bases de datos, maquinaria electrónica etc.
 - Utilización das ferramentas da administración electrónica.
 - Boletíns, atención teléfono, proceder a tramitación e codificación das altas, baixas e modificacións producidas no Municipio que afecten o Padrón de Habitantes.
 - Confeccionar certificados de empadramento, convivencia, residencia e outros.
- Confección, inscricións, modificación, e baixa de Padróns e listas de recadación.
 - Elaboración, conservación e actualización de estatísticas diversas.



- Transcribir actas dos distintos órganos colexiados, notificando os mesmos. Impresión e levanza dos libros de actas e de resolucións.
 - Transcribir, en xeral, tódolos informes e documentos que se requiran por os seus superiores xerárquicos.
- Tradución do Castelán ó Galego e do Galego ó Castelán de expedientes e documentos do seu negociado.
- Substitucións dos/as funcionarios/as en réxime de ausencias, permisos, vacacións ou baixas médicas, cando as necesidades do servizo así o requiran.
- As demais que dispoña a lexislación vixente e as ordenadas pola Alcaldía e superiores xerárquicos.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral.
Ocupada temporalmente por: Indefinido non fixo: Mercedes Luaces Rey
Código: 15022AUXAF-01
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscrición: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada interinamente por: Vanesa Teijido Santiago.
Ocupada temporalmente por: Indefinido non fixo: Segunda Rodríguez Cheda
Segunda Rodríguez Cheda ten unha incapacidade temporal revisable.
Código: 15022AUXAF-02
Grupo: Laboral
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscrición: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Interinidade: Adela GARCÍA VILLADÓNIGA
Código: 15022AUXAF-03
Grupo: Laboral
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscrición: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.



AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Interinidade: María José PERNAS REY
Código: 15022AUXAF-04
Grupo: Laboral
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscripción: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Interinidade: Josefa PIÑÓN PRIETO
Código: 15022AUXAF-05
Grupo: Laboral
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscripción: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Interinidade: Araceli TARACIDO DÍAZ
Código: 15022AUXAF-06
Grupo: Laboral
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscripción: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Interinidade: María Carmen PÉREZ PRIETO
Código: 15022AUXAF-07
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75



Adscrición: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Indefinido non fixo: Susana Prieto Paradela
Código: 15022AUXAF-08
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscrición: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
 - Facer as substitucións de outros/as auxiliares de axuda no fogar por necesidades do servizo no período de vacacións e baixas médicas.
 - E, en xeral, tódalas tarefas que dentro das súas funcións se lle indique polo Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a ou encargado/a, e as demais que dispoña a lexislación vixente.

AUXILIAR AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA

Titular: Vacante
Persoal: Laboral
Ocupada temporalmente por: Laboral temporal: Cristina González Loureiro
Código: 15022AUXAF-09
Salario Base: 605,25
Complemento Convenio: 665,75
Adscrición: Administración Local
Titulación: Sen titulación específica
Funcións e Tarefas:

- Funcións do servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cedeira, segundo as instrucións dadas polos servizos municipais.
F/2023/136	PI23142000023010	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	156,80 €
F/2023/137	PI23142000023011	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	254,81 €
F/2023/138	PI23142000022927	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	43,52 €
F/2023/139	PI23142000022908	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.756164)	920	22100	15,71 €
F/2023/140	PI23142000023004	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.920548)	165	22100	189,87 €
F/2023/141	PI23142000022999	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	73,10 €
F/2023/142	PI23142000023016	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.854795)	165	22100	643,99 €
F/2023/143	PI23142000023003	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.756164)	165	22100	339,02 €
F/2023/144	PI23142000022980	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	49,26 €
F/2023/145	PI23142000022964	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	180,40 €
F/2023/146	PI23142000023007	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	130,34 €



F/2023/147	PI23142000023020	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.854795)	165	22100	132,24 €
F/2023/148	PI23142000022961	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	154,41 €
F/2023/149	PI23142000022998	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.953425)	165	22100	48,09 €
F/2023/150	PI23142000022932	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO P1 (1.084932)	920	22100	2.347,71 €
F/2023/151	PI23142000023048	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	3232	22100	14,84 €
F/2023/152	PI23142000022978	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.986301)	165	22100	77,26 €
F/2023/153	PI23142000023005	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	189,35 €
F/2023/154	PI23142000022937	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	45,24 €
F/2023/155	PI23142000022920	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.084932)	920	22100	14,11 €
F/2023/156	PI23142000022959	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	30,50 €
F/2023/157	PI23142000022988	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	18,61 €
F/2023/158	PI23142000023013	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.756164)	3232	22100	240,42 €
F/2023/159	PI23142000023035	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.084932)	920	22100	585,65 €
F/2023/160	PI23142000023002	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	77,69 €
F/2023/161	PI23142000022919	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.986301)	165	22100	18,74 €
F/2023/162	PI23142000022992	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	50,66 €
F/2023/163	PI23142000023021	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.084932)	165	22100	293,47 €
F/2023/164	PI23142000024198	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.854795)	920	22100	6,46 €
F/2023/165	PI23142000022997	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	57,32 €
F/2023/166	PI23142000022985	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	49,73 €
F/2023/167	PI23142000022984	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.986301)	165	22100	86,02 €
F/2023/168	PI23142000023009	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	185,95 €
F/2023/169	PI23142000022923	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	391,88 €
F/2023/170	PI23142000022953	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	190,70 €
F/2023/171	PI23142000022941	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	59,80 €
F/2023/172	PI23142000023015	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.756164)	165	22100	214,17 €



F/2023/173	PI23142000022934	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	28,46 €
F/2023/174	PI23142000022974	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	256,64 €
F/2023/175	PI23142000023019	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	636,10 €
F/2023/176	PI23142000022929	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	3232	22100	175,05 €
F/2023/177	PI23142000022942	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.953425)	165	22100	412,09 €
F/2023/178	PI23142000022967	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.723288)	165	22100	57,21 €
F/2023/179	PI23142000022898	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	19,72 €
F/2023/180	PI23142000022960	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	3231	22100	526,36 €
F/2023/181	PI23142000022986	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	126,47 €
F/2023/182	PI23142000022963	13/01/2023	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178)	165	22100	34,73 €
							TOTAL	25.437,75 €

Terceiro.- Recoñecer e liquidar a obriga correspondente, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización das facturas correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos REX1-2023. Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. REX 2-2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.01.2023, que di:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presupuesto, elévase ao Pleno da Corporación.



Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos do mandato anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría dun enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos se fixeron efectivos.

Por todo iso proponse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente **REX2-2023**

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 25 rexistros e un importe total de VINTE E UN MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS DE EURO (21.293,16€), nos termos que se detallan a continuación:

Nº RX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/4	A23-3	02/01/2023	B15279359	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL	Instalación de cuadro en la plaza roja para fin de año según presupuesto 29722	338	22799	484,00 €
F/2023/5	15992200006467	31/12/2022	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL SA	Estación: FERRÓL, Matrícula: 5802FPW / Estación: FERRÓL, Matrícula: 5802FPW (Tasa de Tráfico)	920	21400	46,75 €
F/2023/8	200052423- 1	29/12/2022	B59988824	HICOPLA SL	CONTROL PLAGAS (servei control plagas servicio diciembre)	311	22799	241,35 €
F/2023/9	2022AL 001098	30/12/2022	A15717606	VSM SISTEMAS CORUÑA SA	700185 - Periodo Alquiler 01/12/2022 - 31/12/2022 / 700185 - Alquiler : / 700185 - ALQUILER EQUIPOS - - C/ Real, 15 -	920	20601	611,05 €
F/2023/10	23_2	03/01/2023	B70311618	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE SL	SERVIZO TÉCNICO DEPORTIVO (Xornada completa). Mes de DECEMBRO 2022	341	22799	2.736,61 €
F/2023/12	230 13	03/01/2023	B70019294	SERVIPLUSTOTAL SL	Servizo de Monitorado Deportivo Multidisciplinar (Xornada completa). Decembro 2022	341	22799	2.778,96 €
F/2023/13	230 14	03/01/2023	B70019294	SERVIPLUSTOTAL SL	Servizo substitución persoal municipal durante o mes de decembro do 2022. (*Do 1 ao 9 de decembro do 2022 a 34h/sem, sus	341	22799	918,08 €
F/2023/14	230 15	03/01/2023	B70019294	SERVIPLUSTOTAL SL	SERVIZO DE ACTIVIDADE DE ZUMBA. Mes de decembro do 2022	231	22799	907,50 €
F/2023/15	4003577633	31/12/2022	A83052407	CORREOS Y TELEGRAFOS SA	Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D2(RESTO) G-0	920	22201	618,87 €
F/2023/18	6161	30/11/2022	B15155138	TALLERES TORRES PITA SL	SEGUN DETALLE DOCUMENTO ADJUNTO ()	450	21400	50,93 €
F/2023/19	6188	31/12/2022	B15155138	TALLERES TORRES PITA SL	SEGUN DETALLE DOCUMENTO ADJUNTO NEUMATICOS	450	21400	740,64 €
F/2023/20	6189	31/12/2022	B15155138	TALLERES TORRES PITA SL	SEGUN DETALLE DOCUMENTO ADJUNTO (3666FFC	450	21400	72,96 €
F/2023/21	6190	30/12/2022	B15155138	TALLERES TORRES PITA SL	SEGUN DETALLE DOCUMENTO ADJUNTO (5802FPW	450	21400	179,14 €



F/2023/22	6191	30/12/2022	B15155138	TALLERES TORRES PITA SL	SEGUN DETALLE DOCUMENTO ADJUNTO (C-6378-BL	450	21400	687,81 €
F/2023/23	03-ene	09/01/2023	36107402R	GIZ VAZQUEZ, ANA BELEN	SERVICIO PORTAL-WEB-INFORMA DICIEMBRE 2022	920	22706	968,00 €
F/2023/25	2023-4	10/01/2023	J70072202	BUFETE RAUL MEIZOSO ABOGADOS SCP	Por intervención profesional en asesoramiento jurídico en materia laboral al CONCELLO DE CEDEIRA, durante el período del	920	22604	1.210,00 €
F/2023/33	CT 22125	31/12/2022	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	RETIRADA Y GESTIOn CONTENEDOR / OBRA: CEDEIRA - C/ CUARTEL / VACIADO Y GESTIOn CONTENEDOR / OBRA: CEDEIRA - NAVE XUNQUE	450	20300	352,00 €
F/2023/34	2022 Emit- 276	31/12/2022	B70398425	SON A TUA AXUDA SL	SAF HORAS DICIEMBRE 2022 / HORAS ORDINARIAS / HORAS FESTIVAS	231	22799	3.330,62 €
F/2023/38	H 22127	31/12/2022	B70379938	OYSOR SL	HA-25/B/22/IIA / RECARGO CARGA INCOMPLETA / OBRA: CEDEIRA	450	22199	304,92 €
F/2023/183	23-M 002	11/01/2023	B70438049	OBRAS MONTAJES INSTALACIONES Y PROYECTOS SL	PINTADO JUEGOS DE MADERA EN PARQUE SAN ISIDRO, INCLUIDOS PINTADO COLUMPIOS CIRCULARES, BARCO Y RED. 2 MANOS DE PINTURA.	171	22799	1.137,40 €
F/2023/184	A23 488	16/01/2023	B70249354	CORPLAMA SLL	S/C CEMENTO GRIS 25 KG, TV P=72 / S/C BLANCO CEMENTO 25 KG, TV / DISCO CONSTRUCCION 230 UB-19- H12 IRIDOI / S/C CEMENTO	450	22199	442,58 €
F/2023/187	204221651	31/12/2022	Q6550023C	PORTOS DE GALICIA	ABASTECIMIENTO a Dotada de Contador: 05-008446 1/10/2022 A 31/12/2022	920	22501	4,94 €
F/2023/188	204221652	31/12/2022	Q6550023C	PORTOS DE GALICIA	ABASTECIMIENTO Contador: 07/425790 1/10/2022 A 31/12/2022	920	22501	4,94 €
F/2023/190	ES-1860	31/12/2022	B15356926	YAÑEZ CANDALES SL	FRA COMBUSTIBLE MES DECEMBRO 2022	450 132	22103 22103	2.112,91 €
F/2023/191	SA22000240	31/12/2022	B15356926	YAÑEZ CANDALES SL	FRA FERRETERIA YAÑEZ CANDALES - DECEMBRO 2022	450 165 3232 338	22199 22199 22199 22199	350,20 €
							TOTAL	21.293,16 €

Terceiro.- Recoñecer e liquidar a obriga correspondente, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización das facturas correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos REX1-2023. Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

8. APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA



Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 08.02.2023, que di:

“Considerando que os camiños municipais son bens de dominio público: uso público local, e de acordo co previsto no artigo 278 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia as entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, así como tamén dos bens pertencentes aos organismos autónomos que dependan delas.

Resultando que este Concello non dispón dun inventario de camiños municipais, e sendo tamén comunicado desde a oficina técnica municipal a necesidade, para o desenvolvemento das súas funcións, de dispoñer de dito inventario, que serve non só para coñecer, senón tamén para protexer os seus bens e dereitos.

Visto o disposto nos artigos 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Resultando que mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o 03.06.2022, adxudicouse mediante contrato menor a PROCAT INGENIERIA Y MEDIOAMBIENTE S.L. o servizo de realización de inventario de bens municipais, referido aos camiños públicos.

Resultando que con data 19.01.2023 (rex entrada nº 20239990000145) PROCAT INGENIERIA Y MEDIOAMBIENTE S.L. fai entrega da Fase 5 do “Inventario de bens municipais- concello de Cedeira”.

Visto o informe de Secretaría de data 07.02.2023.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o inventario de camiños municipais do Concello de Cedeira, redactado por PROCAT INGENIERIA Y MEDIOAMBIENTE S.L., cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:



EPIGRAFES	Numero de Bens e dereitos que comprende	Folios	Valoración
1º Inmóbles			
EPIGRAFE 1A - FINCAS URBANAS		1 al 0	€
EPIGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS		1 al 0	€
EPIGRAFE 1C - VIAS MUNICIPAIS	1.022	1 al 1022	7.913.656,25 €
EPIGRAFE 1D - OUTROS BENS		1 al 0	€
EPIGRAFE 1E - CESIÓN A VIAS E COMPRA DE TERREOS A VIAS			
1E1 - Cesións obrigadas a vias		1 al 0	€
EPIGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS			
1F2 - Saneamento		1 al 0	€
1F3 - Abastecemento		1 al 0	€
1F1 - Alumado		1 al 0	€
2º Dereitos Reais			
3º Móbles de Carácter Histórico, Artísticos			
4º Valores mobiliarios Creditos e Dereitos de carácter persoal.			
EPIGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS		1 al 0	€
EPIGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS		1 al 0	€
5º Vehículos			
6º Semoventes			
7º Móbles non comprendidos nos anteriores enunciados.			
EPIGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES		1 al 0	€
EPIGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE		1 al 0	€
8º Bens e Dereitos revertibles			
9º Bens Adscritos			
TOTAIS			7.913.656,25

Ascende o valor total dos bens e dereitos pertencentes a esta Corporación, na data de confección do presente inventario, á cantidade de 7.913.656,25 €

SEGUNDO.- Someter a información pública o presente expediente administrativo por prazo de un mes, de conformidade co disposto no art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, aos efectos de que se poidan presentar as alegacións que se estimen procedentes, nas formas previstas na lexislación reguladora no procedemento administrativo común. O prazo comezará a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A consulta do inventario poderá realizarse no Departamento de Urbanismo do Concello de Cedeira ou na sede electrónica deste Concello, no enderezo: <https://sede.cedeira.gal>.

En caso de que non se presenten alegacións, o acordo inicialmente adoptado entenderase elevado a definitivo sen necesidade de acordo expreso polo Pleno da Corporación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: O Inventario de camiños municipais é un debe moi grande que tiña o Concello de Cedeira, sobre todo, para protexer non só os dereitos do Concello, senón tamén dos veciños porque moitas veces había dúbidas con certos camiños que tamén producen moitos dereitos. Cremos que o traballo que se fixo é moi completo no que se incorporan como vedes na memoria diferentes estudos e que se someterá a exposición pública para que toda a veciñanza teña a posibilidade de facer as alegacións pertinentes. Cremos que van a mellorar moitísimo os informes que se poidan facer sobre estes camiños municipais.



O Sr. Rubido Ramonde di: Nos imos apoiala. Parécenos unha boa iniciativa que da unha seguridade xurídica que agora mesmo non existe cando un propietario linda cun ben de dominio público ou viceversa. Eu o único que pediría é que antes de iniciarse o prazo legal de información pública, facer certa campaña de difusión, que se avisara á veciñanza para que á xente non se lle pase o prazo e non crear ao final un nido de conflitos.

O Sr. Alcalde di: Está claro, como ben dis, que isto vai xerar seguridade xurídica á veciñanza e tamén dende a Corporación debemos ser consecuentes e áxiles á hora de facer a tramitación, pero sobre todo, de avisar á veciñanza con antelación a que se mande a publicar, da igual que sexan 30 días que 45, o que teñen é que facer valer os seus dereitos e nós cumprir coas nosas obrigas. Paréceme unha boa percepción, grazas.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

Sendo as 12:26 horas o Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Manuel Pérez Riola, abandona a videoconferencia e sesión plenaria.

9. MOCIÓN DO BNG PARA A DOTACIÓN DE FONDOS DA XUNTA DE GALIZA EN RELACIÓN COAS AXUDAS Á PRODUCCIÓN ECOLÓXICA QUE CUMPRAN CO REQUISITO DA CONVOCATORIA PARA A CAMPAÑA DO 2022 E PARA O PERÍODO 2023-2027 DENTRO DO APARTADO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA PAC

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Moción presentada pola portavoz do grupo municipal do BNG en data 15.01.2023, que di:

“Exposición de motivos:

A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás granxas, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria no ano 2022, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6 millóns de euros.

A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas na Rede Natura. Estes criterios de concorrência competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite, a gran maioría de produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a produción de ovino ou caprino en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por iso se fai incomprendible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

O agro galego adoce dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, debilidade dos circuitos de comercialización con pagos por debaixo dos custos de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria feita era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha



garantía para a supervivencia das granxas. Polo que a situación se volve máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ao 43% das hectáreas solicitantes que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso das convencionais pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas granxas. Ademais das cuestións xa mencionadas, a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer risco de peche para as granxas pola seguinte:

- Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.
- Gastos en pago a entidades de asesoramento que van dende 1.200 a 1.400 euros.
- Cotas de inscrición no Craega que supoñen uns 450 euros.
- Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1.000 euros ata moitos miles máis.
- No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron ou terán por 2 anos.
- Incremento de gasto pola diferenza entre 1 Kg de pienso convencional a ecolóxico que é dun mínimo de 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ao longo de todo o ano.
- Perda de ingresos polo descenso inicial da produción.

A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato.

Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria do 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para os anos seguintes.

Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxicas do que nos atopamos lonxe, na Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde da poboación e para restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ao medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos plans europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvenientes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Cedeira somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción e propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6 millóns de euros necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.
- 2.- Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023- 2027.
- 3.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a darlle publicidade e transparencia ás decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, para que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.”



A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devantida moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: Qué día entrou por rexistro esta moción? Porque está descatalogada no tempo completamente. Logo dunha reunión con Medio Rural, triplicou a partida orzamentaria, pasou de 3,9 millóns a 9 millóns. Polo tanto, imos votar en contra.

O Sr. Alcalde di: Nós imos votar a favor, por suposto. Aínda a semana pasada estivemos falando con gandeiros de aquí, de Cedeira, que están vivindo esta situación e estas partidas. Luís, ogallá que o que acabas de dicir se publique, se aprobe no Parlamento galego e sexa levado a cabo por parte da Consellería, xa que de momento non se fixo. Cando entrou esta moción eu falei persoalmente coa portavoz do BNG de Cedeira, con María José, porque levouse a mesma moción á Deputación da Coruña e foi aprobada por maioría simple. Antes de nada quería facer unhas apreciacións e despois meter unha pequena addenda sobre isto.

O Sr. Alcalde lee:

“Estamos vendo como o Conselleiro de Medio Rural, en vez de mirarlle á cara aos produtores en ecolóxico de Galicia e aportarlles certezas e solucións ante a grave situación que están a vivir, prefire darlles as costas e vender as bondades dun aumento insuficiente do orzamento, para non admitir, en ningún momento, que deixaban tirados a moitos agricultores e gandeiros. Non se aportou ningunha solución para este 2022 e simplemente, dende a Consellería de Medio Rural, falouse dunha modificación do plan estratéxico da PAC para o período 2023 a 2027 para ver como atender a un maior número de solicitantes, pero, ata nese caso, non se falou de aumentar o orzamento para ese período. E, polo visto, podería tratarse dun axuste do regulamento, para darlle menos cuantía por hectárea a cada solicitante co mesmo orzamento actual. Iso saben no Partido Popular que non é unha solución. Xa non estou a falar dos problemas que teñen os produtores, estou a falar da mensaxe que trata de difundir a Consellería de Medio Rural ao sector agrario que, por desgraza, interpretará que o goberno de Galicia non aposta pola agricultura ecolóxica. Realmente vaia papelón que está a facer o Conselleiro, tratando de xustificar o inxustificable. Neste caso, nós non lle diremos ao PP de Cedeira o que debe de votar, pero sí que seguro que algúns dos seus votantes están a vivir esta situación, co cal, seguro que estarán satisfeitos si votan a favor desta moción para así facerlle entender ao Goberno galego que ese non é o camiño. Poden e debemos forzalos a modificar a decisión que deixa na cuneta a moitos cidadáns do noso rural. Xustamente aqueles que fan unha labor esencial para dotar de actividade a zonas de Galicia, onde o despoboamento e envellecemento é un problema gravísimo. Uns produtores de agricultura ecolóxica que ven como o goberno da Xunta de Galicia lles nega unhas axudas, despois de que fora a propia Xunta de Galicia a que lles pediu durante moitos anos que apostasen por este tipo de produción. Non sei como a Xunta pode xustificar o seu comportamento cando foi a Unión Europea quen estableceu como obxectivo no “pacto verde” que o 25% da superficie agraria útil dos 27 países estea dedicada á produción ecolóxica no ano 2030 e puxo a política agraria común como instrumento clave para apoiar a reconversión á produción ecolóxica. Fáganlle entender ao Goberno galego que non deben tomar o camiño contrario a toda Europa. Se a media de superficie en ecolóxico en España é do 10,2% e en lugares como Cataluña chega ao 22%, en Galicia, a pesar de ter só entre o 4 e o 5%, fagamos entender ao goberno da Xunta que non deben tomar o camiño contrario ao que se toma en toda España. Na Consellería de Medio Rural, tal e como informa o Consello regulador de agricultura ecolóxica de Galicia, son coñecedores do incremento do 12% da superficie en ecolóxico e do incremento de 250 novas explotacións dende a primavera deste



ano (do ano pasado, neste caso), pero a pesar de ter esta información, a Consellería orzamenta unha cuantía que deixa nada máis e nada menos que ao 43% das hectáreas solicitantes sen axudas. Un orzamento que necesitaría incorporar algo máis de 2,4 millóns de euros para atender a todas as solicitudes que cumpren os requisitos. Non é comprensible esta situación. É o goberno da Xunta o que se dedicou a promocionar e alentar aos produtores para que se pasaran a ecolóxico. Na Consellería eran coñecedores de que a superficie medrara en 12.000 hectáreas e supoño que non que unha boa parte deste éxito de crecemento de explotacións que decidiron dedicarse a agricultura ecolóxica ven ligado a pensar que terían unhas axudas que agora a Xunta lles nega. A maioría dos produtores, que fixeron un importante desembolso económico e un notable esforzo a nivel técnico, vanse a atopar coa denegación da súa solicitude de axuda de conversión a ecolóxico do ano 2022 e, de igual xeito, veranse afectados aqueles produtores que solicitaron a axuda de mantemento. E non é só para este 2022, segundo os datos publicados, as cousas non mellorarán no período do 2023 ao 2027, xa que para poder cubrir as máis de 45.000 hectáreas certificadas polo Consello regulador, o orzamento que planifica a Xunta de Galicia debería de triplicarse e non vemos que o Goberno galego esté pensando en aumentar as cuantías, simplemente repartir o mesmo entre máis...”

O Sr. Alcalde fai un inciso e di: Aquí poño puntos suspensivos e digo que ogallá o que dixo o portavoz do Partido Popular, o Sr. Luís Rubido, sexan nalgún momento unha realidade.

Sendo as 12:35 horas o Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Manuel Martínez López, abandona a videoconferencia e sesión plenaria.

O Sr. Alcalde continúa lendo:

“Os produtores en ecolóxico atópanse nunha situación de incerteza total. Por un lado, expectantes da resolución do 2022 e, por outro, cara á campaña 2023. Un momento clave para o futuro da agricultura ecolóxica porque os produtores van a decidir que van facer coa súa explotación posto que se non contan con axudas, poden considerar inviable a súa actividade e se darán de baixa na súa certificación ecolóxica. E fíxese que tristemente é o que comencamos a pensar que é o que realmente desexa a Consellería, que moitos renuncien porque, a día de hoxe, dende o noso partido pensamos que o Conselleiro rectificaría e aportaría solucións ante a grave situación que estamos tratando porque consideramos que debería de ser un erro, unha falla de planificación e que por xustiza, sentido común e por coherencia no que levan dicindo durante moitos anos, rectificarían, pero non vimos esa intención e si un intento de facerlle unha ferida de morte á agricultura ecolóxica e, con ela, ao futuro do noso campo. Se existise un mínimo de sentido común, o Conselleiro non debería de esperar nin un so minuto para destituír ao máximo responsable da Consellería na planificación das axudas para este ano 2022 e para o vindeiro período do 2023 ao 2027, o Director xeral de gandería e máximo responsable do fondo galego de garantía agraria, o Sr. Balseiros, e se este está errado, que o corrixa canto antes. Non hai nada que xustifique a deixadez e a incompetencia da Consellería na programación e planificación das axudas baixo o mando do Sr. Balseiros e, moito máis, cando no Goberno galego son coñecedores, dende a primavera deste ano, dos datos da superficie certificada en ecolóxico. Só a presión que pode facer o Partido Popular pode cambiar esta situación e poñerlle freo á incompetencia do seu Goberno que, con movementos como este, se está a cargar a agricultura ecolóxica e as nosas pequenas explotacións. Escoitamos estes días aos propios produtores en ecolóxico, nun exemplo de solidariedade e de sentido de país, que ata están dispostos a pedir un cambio no plan estratéxico da PAC para establecer uns novos criterios que baixen as axudas por



hectárea e permitir que non quede ningunha explotación sen axudas. E saben por que o fan? Porque creen na agricultura ecolóxica e no futuro do noso rural. Xustamente o que non fan no seu partido dende a Consellería, que se enche a boca de dicir no Parlamento galego que somos nós os que non cremos no sector agrario, pero a realidade di todo o contrario, é o PP con eses feitos os que demostran que realmente non creen no noso rural. Se o desexan, hoxe teñen a posibilidade de esixirle ao seu Goberno que complementen as partidas orzamentarias con fondos propios, tal e como se pide nesta iniciativa para este exercicio do 2022, co obxectivo de non deixar tirado a ninguén. Xa que estes produtores son esenciais para fixar poboación no rural e loitar contra o despoboamento que sacude o noso territorio e tamén facer caso á emenda que presentou o PSdeG no Parlamento galego que pide que se incremente o orzamento no período do 2023 ao 2027 para atender todas as solicitudes sen baixar as cuantías por hectárea.”

Sendo as 12:40 horas a Concelleira do PP, D^a María Luz Leonardo Aneiros, abandona a videoconferencia e sesión plenaria.

O Sr. Alcalde di: Como xa dixen antes, nós estamos a favor desta moción, o único que queremos presentar unha addenda, que sería un punto máis, o punto número 4, da seguinte teor literal:

“4.- Instar á Xunta de Galicia a que proceda á modificación do plan de desenvolvemento rural (PDR) para garantir que no próximo período 2023-2027 todas as explotacións que o soliciten poidan acollerse a esta liña de axudas.”

O Sr. Alcalde di: Nada máis. Luís, non sei se queres dicir algo máis.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nos queremos insistir en que houbo unha reunión con Unións Agrarias, coa Federación Rural Galega... onde houbo un acordo unánime.

O Sr. Alcalde di: Esperemos que ao final isto sexa unha realidade, que se aprobe no Parlamento galego, que o Sr. Conselleiro de as explicacións correspondentes, que se é verdade que detectan ese erro que houbo que o subsanen. Cun orzamento de 12.000 millóns como ten a Xunta, con 2,4 millóns poden salvar parte do noso rural, cremos que é moi importante. Xa se verá se sae publicado.

Entón primeiro imos votar a addenda. No seu momento falei con María José e comenteille que iamos incluír unha addenda e díxome que non pasaba nada, que a aceptarían. Elas non poden estar, tampouco puideron defender a súa moción, pero seguramente concordan co que eu dixen, así que pode ser unha moción compartida por ambas partes.

O Sr. Alcalde propón a inclusión dun punto máis na parte do acordo, o 4, do seguinte teor literal:

“4.- Instar á Xunta de Galicia a que proceda á modificación do plan de desenvolvemento rural (PDR) para garantir que no próximo período 2023-2027 todas as explotacións que o soliciten poidan acollerse a esta liña de axudas.”

Resultando aprobada a inclusión de dito punto e polo tanto a emenda ao ditame por cinco (5) votos a favor do PSdeG-PSOE e unha abstención (1) do PP.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por cinco (5) votos a favor do PSdeG-PSOE e unha (1) abstención do PP, ACORDA: APROBAR a moción emendada nos seguintes termos:

“Exposición de motivos:



A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás granxas, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria no ano 2022, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6 millóns de euros.

A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas na Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite, a gran maioría de produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a produción de ovino ou caprino en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por iso se fai incomprendible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

O agro galego adoece dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, debilidade dos circuitos de comercialización con pagos por debaixo dos custos de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria feita era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas. Polo que a situación se volve máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ao 43% das hectáreas solicitantes que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso das convencionais pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas granxas. Ademais das cuestións xa mencionadas, a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer risco de peche para as granxas pola seguinte:

- Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.
- Gastos en pago a entidades de asesoramento que van dende 1.200 a 1.400 euros.
- Cotas de inscrición no Craega que supoñen uns 450 euros.
- Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1.000 euros ata moitos miles máis.
- No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron ou terán por 2 anos.
- Incremento de gasto pola diferenza entre 1 Kg de pienso convencional a ecolóxico que é dun mínimo de 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ao longo de todo o ano.
- Perda de ingresos polo descenso inicial da produción.

A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato.

Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria do 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para os anos seguintes.



Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxicas do que nos atopamos lonxe, na Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde da poboación e para restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ao medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos plans europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvenientes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Cedeira somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción e propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6 millóns de euros necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.
- 2.- Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023- 2027.
- 3.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a darlle publicidade e transparencia ás decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, para que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.
- 4.- Instar á Xunta de Galicia a que proceda á modificación do plan de desenvolvemento rural (PDR) para garantir que no próximo período 2023-2027 todas as explotacións que o soliciten poidan acollerse a este liña de axudas.”

10. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG DE CEDEIRA PARA ADICAR O DÍA 9 DE MARZO, DÍA DO NACEMENTO DE FREI MARTÍN SARMIENTO, AO DÍA DO NATURALISMO GALEGO

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Moción presentada pola portavoz do grupo municipal do BNG en data 21.01.2023, que di:

“Exposición de motivos:

Sabemos da posta en marcha dunha adhesión de vontades para adicar o día 9 de marzo, natalicio de Martín Sarmiento, ao Día do Naturalismo Galego. Pretendemos con esta moción que o pleno do Concello de Cedeira se una á iniciativa , asumindo a proposta e difundindo a mesma para que a declaración desa data se faga realidade en todo o país.

A proposta que presentamos nesta moción non é unha reivindicación propia, senon o apoio que cremos que este pleno municipal debe de dar á iniciativa dun insigne naturalista cedeirés, Rafael López Loureiro, Calel. Toda a argumentación empregada nesta moción temos que dicir que a “capturamos”, co seu permiso obviamente, das distintas publicacións feitas no seu blogue “ ao Noroeste do Noroeste” relativas á obra do primeiro naturalista galego Frei Martín Sarmiento, Pedro José García Balboa, Perucho (1695-1772) que na súa sentou as bases, séculos atrás, de todos os estudos de naturalismo que virían despois e que chegan ata os nosos días.

Non é obxecto desta moción estendernos a falar de toda a obra de Frei Martín Sarmiento, auténtico “ilustrado” que fixo estudos sobre diversos aspectos relacionados tanto coa cultura como coas ciencias naturais. Senón centramos no seu labor como relevante estudioso da botánica e do naturalismo. E que mellor argumento na defensa do que solicitamos nesta moción, que o escrito por Calel, no seu blogue antes citado :



“Se de certo o labor lingüístico, literario, bibliófilo e pedagóxico de Sarmiento están estudados e editados, sen agotalos nen moito menos, non pasa o mesmo coa análise e difusión dos seus traballos estritos de Historia Natural. Territorios estes cuasi virxinais nos que o estudo das aportacións e informacións que nos legou Martín Sarmiento conservan abondosos territorios abertos por explorar, ofrecendo, a quen quixera penetralos, amplos espazos de averiguación e investigación. Abofé. A maior parte dos escritos de Sarmiento permanecen inéditos e entre eles os relativos ás plantas.

En Galicia existe hoxendía unha magnífica xeración de científicos naturalistas que están a realizar un traballo xeneroso, máis altruista que cobrado, silandeiro e rigoroso, á prol do coñecemento, da conservación e da supervivencia da biodiversidade de Galicia. Estas anadas novas de sabios naturais están a facer realidade o petitorio histórico de Martín Sarmiento, trescentos anos van, de algún día existire no país unha man chea de aletófilos que camiñasen seus carreiros, congostras, ruelas e montes para estudar en profundo e en extenso a historia natural de Galicia. Naturalistas que ademais de preparados científicamente están fornecidos de amor a Galicia e preocupados polo seu futuro natural. Todos eles teñen en Martín Sarmiento un magnífico precursor, un labrador de serventías polas que hoxe camiñan senón azosamente, si con moitas menos rabuñadas das que os caritarían se Martín Sarmiento non desbrozara o espiñento silveirón da ideoloxía tradicional española, negacionista recorrente da validez e utilidade dos estudos de Historia Natural.

O naturalismo tén diante si a oportunidade, ía escribir a obriga, callada de orgullo propio, xustiza histórica e sentimento natural, de poder recoñecer en Martín Sarmiento un compañeiro adiantado, un devanciro defensor dos estudos de campo de Historia Natural (el, que vivía nunha cela), un xenial espírito fóra de serie no que encarnaría, mellor ca en ninguén, a honra de ser o padriño do naturalismo galego. Padriño que non sería un santo celestial de mérito difuso, senón un freire vivo do Reino de Galicia, da boa vila, Pontevedra, un home laborioso a todas horas, infinito lector curioso, avogador de naturalismos, un sabio precursor de futuros silandeiro e humilde, que aprendía dos iletrados, da infancia, da ancianidá, que no seu tempo e sendo primeiro, foi quen máis e mellor defendeu, que en España se instaurasen os estudos de ciencias naturais que hoxendía existen e nos que se formaron eses excelentes científicos naturalistas que traballan arreo a prol do coñecemento da historia natural, da defensa do seu medio físico e da conservación da súa viva diversidade.”

O coñecemento do medio natural que nos rodea, no seu sentido máis amplo, é algo inherente aos seres humanos dende tempos remotos, e a capacidade de recompilar datos, estudar, documentar escribir e difundir sobre o mesmo, poñendo as bases no seu tempo do desenvolvido a posteriori, é motivo máis ca suficiente e relevante, para que honremos a persoas como Frei Martín Sarmiento que foi capaz de estudar e dar a coñecer a natureza e facer medrar o interese pola mesma ao longo dos séculos. E cremos que nos tempos que vivimos, nos que tanto se fala do cambio climático, desastres ecolóxicos, extinción de especies..., o recoñecemento público do extraordinario labor, xeneroso e sen cobro, dunha nova xeneración de naturalistas científicamente formados e laboriosos que traballan arreo a prol do coñecemento e a conservación do medio natural galego, fan tan oportuna como xusta esta moción que presentamos para que sexa asumida e a ela se adhiran as administracións políticas como este Concello.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Cedeira somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción e propón a adopción do seguinte ACORDO:

1- Instar ao goberno municipal de Cedeira a que declare o día 9 de marzo como Día do Naturalismo Galego, sen que a data se quede só nunha declaración senon que a mesma se celebre de xeito que se poña en valor a figura de Frei Martín Sarmiento e o labor da actual xeneración de naturalistas galegos que ven nel un devanceiro e na medida do posible se difundan e apoiem os seus estudos.



2.- Trasladar o acordo e declaración á Xunta de Galiza, para que esta asuma a iniciativa e declare o 9 de marzo como o día do naturalismo Galego.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devantida moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: A nós parécenos unha proposta interesante e ímola apoiar.

O Sr. Alcalde di: Pola nosa parte, encántanos que veña esta moción ao Pleno. As mocións que non son presentadas polo grupo de goberno son moi ben recibidas e esta creo que é unha delas, sobre todo, porque fai referencia tamén ao traballo dun querido veciño de Cedeira que é Rafael López Loureiro, como el di “xubilosamente xubilado”. Como sae na moción é autor do blogue “ao Noroeste do Noroeste”, unha fiestra aberta ao mundo onde aborda diferentes temáticas, facendo especial fincapé no ámbito ambiental. Son moitas as charlas que leva dando en Cedeira sobre este tipo de temáticas. A verdade é que é algo fantástico, divulgar nestes eidos da didáctica, da historia, da natureza e é membro da actual Comisión de Ornitonimia da Real Academia Galega.

O Sr. Alcalde lee:

“Dende tempo atrás considérase un estudoso entusiasta da obra do Padre Sarmiento, o que lle levou a ser o impulsor da iniciativa do Día do Naturalismo Galego coma “un andar civil non burocrático e de adhesión de vontades libres”, que acubilla hoxe día numerosos apoios persoais e institucionais de peso. Unha data para facer do naturalismo (e dos naturalistas) unha realidade visible perante a sociedade.”

O Sr. Alcalde continúa: Creo que é algo que dende as Administracións debemos de protexer, de colaborar, de participar e poñer en valor, como se poñen en valor outras materias, como parte da nosa cultura, do turismo, da ornitoxía, da xeoloxía. Todo o noso patrimonio, tanto material como inmaterial, do que todas e todos os galegos debemos presumir e manter nun futuro. Estou totalmente de acordo en que dentro do punto número 1 que di que dende Cedeira non sexa unha declaración, senón que se faga célebre e as actividades que podamos desempeñar, si que me gustaría e invito a participar a todos membros da Corporación, así como, por suposto, invitar a Rafael, Calel, a que sexa el o precursor e que nos poña un pouco na liña das actividades que se deben facer. Como dixen antes, moitas grazas por presentar esta moción e os nosos agradecementos, que creo que son por parte de todos, a Calel.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

11. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE CEDEIRA EN RELACIÓN COA NOVA PISCINA MUNICIPAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 8 de febreiro de 2023, que di:

“Vista a Moción presentada polo portavoz do grupo municipal do PSdeG PSOE en data 30.01.2023, que di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O Concello de Cedeira conta con **6.650 habitantes** (INE 2021). Localizada ao norte da provincia da Coruña, integrándose nas comarcas de Ferrolterra e Ortegal, en función de diferentes alianzas e organismos¹.

- Cedeira, é un dos **49 municipios de interese turístico** de Galicia.
- Ten unha das dúas únicas **Reservas Mariñas de interese pesqueiro** de Galicia.
- **A lonxa ocupa o posto 10º en facturación anual** (>6 M €) entre as de Galicia.
- Os **Montes de Cedeira** (de **utilidade pública** dende 1901), son un conxunto de terreos de titularidade pública (Concello e Xunta) de **2.000 hectáreas que teñen un programa de aproveitamento multifuncional**.
- Cedeira preside, neste ano 2023, o Proxecto de **Xeoparque Cabo Ortegal**. Foi proposto pola Comisión de Xeoparques da Unesco para ser recoñecido como Global Geopark.

En relación aos 7 concellos que conforman o proxecto de Xeoparque:

- Ten a **maior porcentaxe (11,05%) de poboación de 0 a 16 anos** entre os concellos da comarca (a media é 9,46%).
- Ten, xunto con Valdoviño, o **maior número de persoas afiliadas á Seg. Social** (2.158), principalmente no sector servizos (701). A agricultura e a pesca ten 173, e a Industria 150.
- Ten o **maior número de empresas e autónomos dados de alta na Seg. Social**, con 699.

Ten unha superficie de 85,42 km², cunha ampla zona costeira na que destacan elementos distintivos como os faros de Punta Candiera, Robaleira e Punta Sarridal, as praias da Magdalena, Sonreiras, Areas Negras (a única praia con esta cor de area de procedencia non volcánica de todo o mundo) ou Cerdeiras. Igualmente, é preciso enxalzar o valor morfolóxico e pretroxénico da **Serra da Capelada**, con elementos singulares como os **Cantís de Vixía Herbeira** (os de maior altura da Europa continental) ou a aldea de **Santo André de Teixido**, a peregrinaxe máis lonxeva de toda Galicia.

A importancia da **cultura mariñeira** pódese ver na fisionomía do pobo, tanto nas súas infraestruturas e equipamentos como na programación de actividades. Destacan os seguintes elementos vinculados ao patrimonio mariñeiro:

- Museo Mares de Cedeira.
- Porto pesqueiro
- Lonxa de venda de peixe e marisco.
- Confraría de Pescadores e colectivos ligados ao mar (armadores, mariñeiros, redeiras, mariscadoras, percebeiros, etc.)
- Edificacións mariñeiras, e hostalería con oferta de produtos do mar.

¹ É un dos membros da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol (Ferrolterra), mais tamén da comarca de Ortegal (GALP A Mariña-Ortegal). Forma parte da Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal, do GDR Seitura 22 e do Xeodestino Ferrolterra Rías Altas (comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal).



- Desenvolvemento de diferentes proxectos de posta en valor do patrimonio mariñeiro.

1. DEPORTE EN CEDEIRA

No concello están rexistradas 13 entidades deportivas².

En Cedeira está a única Vía Ferrata de Galicia: **Vía Ferrata Senda do Santo**.

Os deportes con maior número de practicantes son o **fútbol, natación/triatlón, remo, bádminton e pádel**.

Os deportes con resultados deportivos de maior relevancia son o remo e a natación/triatlón.

Cedeira conta con un dos aproximadamente 150 deportistas olímpicos de Galicia.

Na actualidade **un deportista cedeirés está no Centro galego de tecnificación deportiva** (sección triatlón). Dende o ano 1989 máis de 10 cedeireses teñen estado no CGTD en remo, natación e triatlón.

Por outra banda destacar que Cedeira é limítrofe de Valdoviño, polo que tamén contamos con **servizos de surf** (tanto na súa vertente deportiva como turística).

1.1. POLÍTICA DEPORTIVA MUNICIPAL

Os obxectivos xerais do Concello de Cedeira co deporte son:

- Fomentar a práctica deportiva como elemento principal de **hábitos de vida saudables**.
- Impulsar a práctica deportiva para un **envellecemento activo**.
- Favorecer a organización de **eventos deportivos** polo seu interese no **fomento do deporte**, pero tamén polo **impacto económico** no concello.
- Mellorar a **formación e cualificación** das persoas vinculadas ao sector deportivo (traballadores municipais, membros de entidades deportivas, autónomos,...)
- Impulsar o **emprego de calidade no deporte** (adestramento, turismo activo,...)
- Acadar que **o deporte sexa unha verdadeira sinal de identidade de Cedeira**.

1.2. DEMANDAS DA MOCIDADE

O Concello de Cedeira desenvolve cos **alumnos do IES Punta Candieira un proceso participativo vinculante**, no que destina anualmente 20.000 € do orzamento municipal a decisións tomadas polo seu alumnado. Mediante este proceso aberto e participativo o alumnado ten **proposto**, nas 2 edicións celebradas, **diferentes melloras na actual piscina**.

Así mesmo, no **I Plan Municipal de Infancia e Mocidade** esta demanda é reiterada nas sesións das mesas participativas, tanto por parte do alumnado de Primaria do **CEIP Nicolás del Río**, como de Secundaria do **IES Punta Candieira**.

2. ACTUAL PISCINA MUNICIPAL

A piscina actual ten un **vaso único de 16 x 8 m, e 1,3m de profundidade**.

²

Rexistro Municipal de Entidades Ciudadás, 2022.



2.1. PROGRAMACIÓN

As actividades que se desenvolven actualmente son:

- Natación para bebés (de 0 a 3 anos)
- Natación infantil (de 4 a 16 anos)
- Natación para persoas adultas (a partir de 16 anos)
- Ximnasia acuática
- Saúde na auga para adultos/as, e natación para embarazadas.

Número de persoas usuarias destes programas son:

ACTIVIDADES INFANTÍS	PERSOAS USUARIAS	LISTA DE AGARDA
Natación para bebés	17	0
Natación para nados entre 2006 e 2012	21	6
Natación para nados en 2013 e 2014	33	3
Natación para nados en 2015 e 2016	36	20
Natación para nados en 2017 e 2018	30	4
Natación para nados en 2019	14	9
ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS	PERSOAS USUARIAS	LISTA DE AGARDA
Aquaerobic	19	4
Aquagym	32	7
Natación para persoas adultas	33	3
Saúde na auga	10	0
TOTAL USUARIOS DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS NA PISCINA	245	56

As 56 persoas da lista da agarda non reflicte o número total de persoas demandantes posto que a gran maioría delas non se inscriben na lista de agarda.

Ademais das persoas que participan na programación municipal, a piscina conta con máis persoas usuarias que participan de:

- Horas destinadas a baño libre: aproximadamente 60 persoas.
- Horas reservadas para o *Club de Natación*: aprox 120 persoas.
- Tramos horarios destinados ás asociacións (*APADER* e *Sobrerrodas*) que traballan con persoas con discapacidade intelectual e con mobilidade reducida, respectivamente: aprox 50 persoas.

O número total de persoas usuarias é de 475 persoas.

2.2. USO POR PARTE DO DEPORTE FEDERADO. CLUB NATACIÓN CEDEIRA.

O *club Natación Cedeira* é un gran promotor da *práctica deportiva no concello*, principalmente nas modalidades de Natación e Triatlón, aínda que tamén en Atletismo e Ciclismo.

É, naturalmente, o club deportivo que maior uso lle da á piscina.



Conta con 120 deportistas, e con 230 licenzas deportivas (moitos deportistas do club teñen licenza en varias federacións deportivas).

Ten tantos deportistas en categoría masculina como feminina.

No ano 2022 ten participado en máis de 40 competicións deportivas oficiais (contando unicamente campionatos galegos, ligas galegas, e campionatos de España).

É o mellor club de Galicia, no ano 2022, nas probas Nada+Corre (triatlón) do Programa XOGADE da Secretaría xeral para o deporte.

Resultados deportivos

Ano 2022

- ✓ **Campión de España por equipos de Triatlón Cadete**
- ✓ **Campión de España Individual de Triatlón Cadete**
- ✓ Campión de España por equipos de Acuatlón Cadete
- ✓ Campión de España individual de Acuatlón
- ✓ Campión de España de Triatlón coa Selección Galega (un deportista do club)
- ✓ Subcampión de España de Campo a través coa Selección Galega de atletismo (un deportista do club)
- ✓ **Possiblemente sexa o mellor club de Galicia en triatlón en categorías de base** (aínda por designar).
- ✓ Mais de 25 Campións Galegos e medallas en diferentes probas individuais e de equipos dos campionatos galegos de triatlón, duatlón, acuatlón, atletismo en pista, atletismo en campo a través e natación.

Ano 2021

- ✓ Bronce no Campionato de España por equipos de Triatlón
- ✓ Subcampión de España individual de Triatlón
- ✓ Bronce no Campionato de España individual de Duatlón
- ✓ 3º Mellor Club de Galicia en Triatlón de categorías de base.
- ✓ Subcampión de España de Campo a través coa Selección Galega de atletismo (un deportista do club)
- ✓ Mais de 20 Campións Galegos e medallas en diferentes probas individuais e de equipos dos campionatos galegos de triatlón, duatlón, acuatlón, atletismo en pista, atletismo en campo a través e natación.



Ano 2022. Un deportista do CN Cedeira, campión de España en triatlón.



Ano 2022. Equipo Cadete que obtivo varias medallas en diferentes campionatos de España.

FIRMADO POR ANA VELO RUIZ (FECHA: 27/03/2023 13:09:49) , PABLO DIEGO MOREDA GIL (FECHA: 27/03/2023 13:16:00)

Versión imprimible

CVD: ffQYRxi3nsUweRhDNFvc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



2022. Equipo cadete feminino e masculino. Campión de España de acuatlón.




Ano 2022. Equipo benxamín.



2.3. SUPERACIÓN DA CAPACIDADE DE CARGA DA ACTUAL PISCINA DE 16 x 8 m.

Nas seguintes fotografías do *estado de ocupación habitual* acreditan a *grande dificultade para desenvolver programas de familiarización e/ou adestramento axeitados*.

Existe unha grande saturación das rúas, non existindo apenas espazo entre uns nadadores e outros. Ademais, como pode verse, hai tantos nadadores dentro da auga como fora dela, por non ter espazo nas rúas.




EXEMPLO OCUPACIÓN EN PISCINA DE 25 metros

Na seguinte fotografía pódese ver a *ocupación dunha piscina convencional de 25m* por parte dos nadadores do Club Natación Cedeira, nun adestramento que tiveron que realizar na piscina doutro concello.



As rúas son máis anchas e longas, cabendo moitos máis deportistas na piscina e adestrando en mellores condicións.

Ademais a “praia” da piscina conta con máis espazo para adestramento en seco, e para o seguimento do adestramento na auga.



COMPARACIÓN ENTE A PISCINA ACTUAL CON OUTRA COMO Á QUE QUEREMOS CONSTRUÍR (16m vs 25m).

Piscina 16m x 8m do Concello de Cedeira





Piscina 25m x 12m. Exemplo.



Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Cedeira a adoptar o seguinte acordo:

Solicitar:

1. Asesoramento técnico á consellería de deportes na elaboración dun proxecto técnico dunha nova piscina municipal piscina axeitada ás necesidades e demanda actual e tradicional dos habitantes de Cedeira.
2. Subvencionar ao Concello de Cedeira dende a **Xunta de Galicia** mediante un convenio cun importe que supoña o 33,33 % do coste da nova instalación.
3. Subvencionar ao Concello de Cedeira dende a **Deputación da Coruña** mediante un convenio cun importe que supoña o 33,33 % do coste da nova instalación.
4. Compromiso do Grupo Municipal do Concello de Cedeira de dispoñer nos seus orzamentos do 33,33 % do coste da nova instalación.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devantida moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr Rubido Ramonde di: Eu non sei se lle interesa á Xunta, neste sentido, non entendo. Ou é en busca dunha subvención?

O Sr. Alcalde di: Primeiro contesto á pregunta e despois vou argumentar un pouco isto. Dende o ano 2016 que tivemos a primeira reunión co tema das melloras da estrada na AC-566, no anterior mandato co expresidente da Xunta, o Sr. Feijoo, unha das posibilidades que había era subvencionar dende a Xunta unha piscina. Eles sempre nos dicían que había esa posibilidade do 33%, sempre que a



Deputación tamén se comprometera. Entón, o primeiro que queríamos é facer este estudo, despois falarei máis del, e despois xa que nos dixeran eles o camiño que debemos seguir porque realmente cremos que esta é a mellor forma. O primeiro, era obter o consenso total da Corporación e, a partir de aí, ir ás Administracións a falar. E invitamos a que nos acompañen a facer esta solicitude aos portavoces dos tres partidos que formamos parte da Corporación municipal.

O Sr Rubido Ramonde di: Eu creo que tamén hai que ter claro, previamente, o modelo que queremos. Se vamos a facer unha piscina totalmente autónoma subvencionada polos actuais partidos iso é un custe de mantemento e de xestión que igual o Concello non pode asumir. Se estamos falando dunha ampliación da actual hai que ter en conta que o sistema de calentamento por pellets e enerxía solar ten capacidade para quentar dous vasos de 25 metros, por tanto, ese sería máis viable. E logo outra cuestión, hai que recriminar a Deputación directamente por agravio comparativo. A Deputación levou a cabo construcións de piscinas financiándoas ao 100%, como por exemplo, en Cariño.

O Sr. Alcalde di: Cariño, dixeches?

O Sr Rubido Ramonde di: Si, si. Foi financiada ao 100% pola Deputación. Isto paréceme... Ímola apoiar, non hai problema, pero hai razóns máis que suficientes como o agravio comparativo. A de Cariño e creo que aínda hai máis.

O Sr. Alcalde di: Por suposto que o que estás dicindo de Cariño é verdade. Algún día falaremos de cómo se conseguiu esta piscina, algún día podemos falalo. Non creo que sexa para comentar nun Pleno. A idea principal é a demanda que temos, a necesidade que temos realmente dunha piscina. Cada pobo ten unhas características diferentes. Cedeira, a nivel cultural-deportivo, é increíble a capacidade que temos, tanto de asociacións como de xente practicante. A piscina é unha das necesidades máis grandes que temos. Foi un agravio comparativo a piscina, pero non só pola Deputación da Coruña, senón tamén á Xunta de Galicia. Eu creo que aquí todas as Administracións deberían facer uns repartos equitativos do diñeiro público cuns criterios obxectivos. Neste caso, estou totalmente en desacordo en que a Deputación da Coruña financiasse o 100% dalgunhas piscinas que hoxe en día case non se utilizan. Sólo por dicir que se leva unha piscina, sen criterios obxectivos, sen un estudo que diga que hai unhas necesidades. Nin a Xunta, nin a Deputación, nin o Goberno debe tirar o diñeiro de todos os cidadáns porque é diñeiro público, iso o primeiro. Niso creo que estamos todos completamente de acordo. Pos o exemplo da piscina en Cariño, de acordo, como tamén poñemos o exemplo do porto deportivo de Ortigueira que fixo a Xunta de Galicia, que ben sabes, Luís, que foi un capricho para unha ou dúas persoas. Entón, esas son as cousas que non poden acontecer. Por iso traemos esta moción que transformamos dunha necesidade do Concello. Trasladámola, pero non como unha mensaxe política no sentido de que imos á Xunta a pedir a financiación do 100%, non, que nola financie tamén a Deputación da Coruña que tamén ten competencia para facer convenios e poder subvencionar. Está claro que hai anos, creo que dende que está a última Corporación, BNG e PSOE, non se fixo ningunha piscina con dotacións, pero si que estou vendo que en vías e obras estanse gastando cantidades de diñeiro, en estradas que serán máis ou menos necesarias, estarán os informes que as poidan xustificar. Por iso dende o Concello, dende o grupo de goberno o que queremos é implicar a todas as Administracións e nós, por suposto, meter á terceira pata neste proxecto que sería colaborar co 33% nesta nova execución. A partir de aí, os estudos da piscina actual pola nosa parte, xa o temos falado moitas veces, creo que está moi ben porque daría un gran servizo a persoas maiores ou persoas con mobilidade reducida que pola súa profundidade sería acorde. Ter unha piscina que valera para entrenar e para facer algún tipo de competición. O que se quere é levar unha proposta que sexa obxectiva para todos e se o grupo de goberno temos que ir ata a Deputación, se irá a protestar á Deputación e a pelexar na Deputación. Farémolo, como o faremos tamén coa Xunta de Galicia, pero que non se vexa como que é algo estritamente político porque non imos por ser a Xunta, imos pola piscina que é o que realmente desexan todos os veciños e veciñas de Cedeira. E, por suposto, seguro que todos os partidos que



formamos parte da Corporación municipal e todas as persoas que estamos aquí. Creo que aquí estamos todos completamente de acordo. E, volvo a dicir, non están as compañeiras Concelleiras do BNG, pero seguramente, por conversas que tivemos no mandato anterior, estarían totalmente de acordo co que acabamos de expoñer. E, como xa dixen antes, invito a que nos acompañedes á Concellería de Deportes da Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña, que iremos falar directamente co Presidente.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

12. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
000617/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000618/2022	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 497/2022 DO 23.09.2022
000619/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE COCIÑA ELÉCTRICA E MICROONDAS PARA A CAFETERÍA DO AUDITORIO MUNICIPAL
000620/2022	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000621/2022	REQUIRIMENTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN PARCIAL E ADECUACIÓN Á LEGALIDADE URBANÍSTICA DE VIVENDA UNIFAMILIAR ADOSADA EN CAMIÑO REAL DA MAGDALENA (PFE INCIDENTE DE EXECUCIÓN 0000001/2010 0002 DIMANANTE DE ETJ EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 0000001/2010)
000622/2022	PROPOSTA APROBACION RELACION F-2022-91 TAXAS ATRIGA
000623/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-90
000624/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000027477 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA
000625/2022	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO SEGUNDO O DISPOTO NO REAL DECRETO 462/2002, DO 24 DE MAIO, AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E PERSOAL COLABORADOR PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. BOP NÚMERO 196 DE 14 DE OUTUBRO DE 2021.
000626/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 18458/2022 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
000627/2022	ELABORACIÓN NÓMINA NOVEMBRO 2022
000628/2022	CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA PARA O CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000629/2022	CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000630/2022	COBERTURA DE FORMA INTERINA DO POSTO DE TRABALLO 15022AUXAF-20 DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA.
000631/2022	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
000632/2022	MC 32 2022 XC 18 2022



000633/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
000634/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000635/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERGENCIA SOCIAL MUNICIPAL
000636/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS
000637/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION F-2022-92
000638/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000639/2022	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA SUSANA PRIETO PARADELA POR BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL.
000640/2022	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA ADELA GARCÍA VILLADÓNIGA POR BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL
000641/2022	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA MERCEDES LUACES REY POR BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL.
000642/2022	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUNHA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE POLO INCREMENTO PROVISIONAL E IMPREVISIBE DAS ACTIVIDADES NO DEPARTAMENTO DE URBANISMO – MEDIO AMBIENTE.
000643/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 18150/2022 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
000644/2022	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADOR/RA SOCIAL EN SUSTITUCIÓN DE DONA Mª LUISA PÉREZ PIÑÓN
000645/2022	SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE DA PARTE PROPORCIONAL DO CURSO DE PÁDEL
000646/2022	NOMEAMENTO DE DONA EVA MARIA GARCIA CANEIRO PARA OCUPAR DE FORMA INTERINA A PRAZA DE SUBALTERNO OCUPADA INTERINAMENTE POR DON ROBERTO PÉREZ TIMIRAOS EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT.
000647/2022	LEVANTAMENTO DE REPAROS E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-93
000648/2022	DECRETO ASISTENCIAS CONCELLEIROS NOVEMBRO
000649/2022	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
000650/2022	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
000651/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-94
000652/2022	PERSOAMENTO E SOLICITUDE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 124/2022
000653/2022	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 124/2022, MARIA CRISTINA BECEIRO MONTERO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000654/2022	XUSTIFICACION DE AES CONCEDIDA NO DECRETO 302/2022 DO 09.06.2022
000655/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2022-3269 SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS
000656/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPARACIÓN DE BAÑO E COLUMNAS INTERIORES NO ESCOLAR DE SAN ROMÁN
000657/2022	CONTRATO MENOR DE EXECUCIÓN DE RAMPA DE ACCESO E REFORMA DE PORTA NO ESCOLAR DE SAN ROMAN
000658/2022	NÓMINA EXTRAORDINARIA DE NADAL 2022
000659/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2022-23



000660/2022	DESESTIMAR O SOLICITADO POR DONA MARIA DEL CARMEN GARCÍA ARRIBI EN CANTO A MODIFICAR A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARA DE 2022 EN REFERENCIA A PRAZA 15022PS-01 PSICÓLOGO/A AO 66,66 % DA XORNADA. FORMA DE PROVISIÓN CONCURSO.
000661/2022	AUTORIZACIÓN PARA QUE A TRABALLADORA DONA ÁNGELES FERNANDEZ FERNANDEZ POIDA CONTINUAR NO SEU POSTO DE TRABALLO UN ANO MAIS UNHA VEZ CUMPLIDA A IDADE DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA.
000662/2022	PRORROGA DA CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE MARIA LUISA PEREZ PIÑON COMO TRABALLADORA SOCIAL DO CONCELLO DE CEDEIRA DENDE O 16 DE DECEMBRO DE 2022.
000663/2022	ORDENACION PAGO FACTURA APROBADA EN DECRETO 659/2022
000664/2022	XUSTIDIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 526/2022 DO 04.10.2022
000665/2022	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á PRIMEIRA ANUALIDADE DA SUBVENCION DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
000666/2022	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL
000667/2022	XUSTIFICACION AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 229/2022 DO 04.05.2022
000668/2022	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, RENOVACION
000669/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-96 SU ELECTRICO
000670/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACION DE PULSADORES DE CISTERNAS PARA OS SERVICIOS DO COLEXIO NICOLÁS DEL RÍO
000671/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO)
000672/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-98
000673/2022	SOLICITUDE DA RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000674/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-97
000675/2022	SOLICITUDE DA RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000676/2022	SOLICITUDE DE EXPEDICION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000677/2022	CONCESIÓN DE PRÓRROGA NA EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2022-23
000678/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE ELABORACIÓN DE INFORME DE SEGUEMENTO DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES)
000679/2022	PRÓRROGA DO ORZAMENTO DO ANO 2022 PARA O ANO 2023
000680/2022	APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-99
000681/2022	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLADOR/RA SOCIAL
000682/2022	APORTACIÓN GRUPOS POLÍTICOS DO ANO 2022 EN CANTO AO GRUPO E AO NÚMERO DE CONCELLEIROS
000683/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE TAQUILLAS PARA O POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000684/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA E DECORACIÓN EN PISTA DE PATINAXE DE XEO ECOLÓXICO
000685/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE PREMARCOS, PORTAS, TARIMA FLOTANTE E MÓDULOS COCIÑA NO ESCOLAR DE SAN ROMÁN
000686/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.O. 167/2022 DE Dª MARÍA DE LOS ÁNGELES VILLAR DEL RÍO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS
000687/2022	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA - CONVENIO AGADIC 2022 - SEMESTRE 2



000688/2022	PRODUTIVIDADE DO ANO 2022 SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA MESA DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O CINCO DE DECEMBRO DE 2022
000689/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 18325/2022 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
000690/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2022-100
000691/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-101
000692/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE DE XEO ECOLÓXICO DURANTE O NADAL
000693/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS - XOGOS INFANTÍS DURANTE O NADAL 2022
000694/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES PARA O NADAL - TOBOBAN TRINEOS, INCHABLE E OBRADOIROS INFANTÍS
000695/2022	APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACION POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO E POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 APROBADA MEDIANTE DECRETO 262/2022 DE 26 DE MAIO DE 2022 E MODIFICADA POLO DECRETO 285/2022 DE 6 DE XUÑO DE 2022
000696/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-102
000697/2022	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO E POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 APROBADA MEDIANTE DECRETO 262/2022 DE 26 DE MAIO DE 2022 E MODIFICADA POLO DECRETO 285/2022 DE 6 DE XUÑO DE 2022
000698/2022	NOMINA DECEMBRO 2022
000699/2022	AVOCAR A COMPETENCIA E APROBAR A FACTURA F-2022-3576
000700/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACIÓN F-2022-741
000701/2022	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 633/2022 DO 01/12/2022
000702/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-105
000703/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-106
000704/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-107. SU ELECTRICO
000705/2022	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á PRIMEIRA ANUALIDADE DA SUBVENCION CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 NA LIÑA 1:" PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE RESIDUOS ORGÁNICOS NO CONCELLO DE CEDEIRA"
000706/2022	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á PRIMEIRA ANUALIDADE DA SUBVENCION CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 NA LIÑA 2: " PROXECTO DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA PARA PROMOVER A RECICLAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS NO CONCELLO DE CEDEIRA"
000707/2022	RENDICIÓN DA CONTA PARCIAL Nº 1/2022 PARA REPOSICIÓN DE FONDOS ANTICIPO DE CAIXA FIXA
000708/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION F-2022-108
000001/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE MAN DE OBRA E MEDIOS AUXILIARES PARA A REPARACIÓN PARCIAL DAS ESCALEIRAS DE ACCESO AO ESCOLAR DE SAA
000002/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000003/2023	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS



	COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
000004/2023	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN TRABALLADOR SOCIAL PARA CUBRIR INTERINAMENTE A BAIXA POR IT DE DONA MARÍA LUISA PÉREZ PIÑÓN.
000005/2023	CONTRATACIÓN DE DONA SILVIA MARIA PAJARO BUGLIOT COMO LIMPADORA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS
000006/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 316/2022 DO 14/06/2022
000007/2023	DECLARACIÓN DA FUNCIONARIA DONA EVA PALMERO ANEIROS EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E CESE DA FUNCIONARIA INTERINA DONA MARÍA ÁNGELA FORTUNA LÓPEZ.
000008/2023	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
000009/2023	XUSTIFICACION DE AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 483/2022 DO 14.09.2022
000010/2023	MODELOS AEAT 111 E 303 DO CUARTO TRIMESTRE DE 2022
000011/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE DECEMBRO DE 2022
000012/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000013/2023	RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA PARA CORRECCIÓN DE ERRO DO DECRETO 563/2022 DE 27 DE OUTUBRO DE CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DECORATIVOS DE NADAL 2022-23
000014/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000027860 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000015/2023	SOLICITUDE DE AXUDA PARA A "REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO" AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA 2023(MT402B)
000016/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2022 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES EN RÉGIMEN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CONCELLOS PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ALTERNATIVOS MEDIANTE O SISTEMA DE RENTING CON DESTINO AOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL
000017/2023	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA PALOMA LÓPEZ LÓPEZ
000018/2023	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POR DON JOSÉ RODRÍGUEZ LEONARDO
000019/2023	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POR DON ANDRÉS LOZANO CASAL
000020/2023	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA REBECA PEREZ ZURDO
000021/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2023-11 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU
000022/2023	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.O. 178/2022 DE D. JAIME GUILLERMO CORCUERA RODRÍGUEZ E Dª Mª ALMUDENA ESCORIAL AYUSO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000023/2023	HORAS EXTRAORDINARIAS RECADACIÓN TRIBUTARIA
000024/2023	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA (CT235A)
000025/2023	MODIFICACIÓN DOS DECRETOS 379/2020 DE 17 DE XULLO DE 2020 E 619/2021 DE 24 DE NOVEMBRO DE 2021 EN CANTO AO PERSOAL QUE REALIZARÁ AS FUNCIÓNS DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO.
000026/2023	NÓMINA DE XANEIRO DE 2023
000027/2023	APROBACION XUSTIFICACIÓN PAGO A XUSTIFICAR MANUEL MARTINEZ LOPEZ
000028/2023	LEVANTAMENTO DE REPAOR E APROBACION DA RELACION F-2023-3
000029/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL



000030/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000031/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BÁSICAS DE SUBSISTENCIA, (VESTIDO)
000032/2023	DECRETO DE ANULACIÓN DA RES. 26/2023 E NOVA APROBACIÓN DA NÓMINA DE XANEIRO DE 2023
000033/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
000034/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000035/2023	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 531/2022 DO 05/10/2022
000036/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000037/2023	MC 01 2023 XC 01 2023
000038/2023	ACHÉGASE O RECORDATORIO DE PAGO DA COTA ANUAL 2023 CORRESPONDENTE A COMPRAVENDA DO INMOBLE DA ANTIGA CAMARA AGRARIA LOCAL
000039/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000027948 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000040/2023	HORARIO DO PERSOAL DO CONCELLO DE CEDEIRA TRAS O ACORDO ALCANZADO NA MESA DE NEGOCIACIÓN DO 5 DE DECEMBRO DE 2022
000041/2023	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O INVESTIMENTO INCLUIDO NO POS+2023 DENOMINADO "MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E OUTRA"
000042/2023	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O INVESTIMENTO INCLUIDO NO POS+2023 DENOMINADO "RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RÍO CONDOMÍNAS E OUTRA"
000043/2023	ACORDO DE NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUIDO NO POS+2023 DENOMINADO "REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN -EDAR DE SAN ROMÁN-"
000044/2023	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO POS+2023 DENOMINADO "REFORMA E CONSERVACIÓN DE EDIFICIO ESCOLAR DO LUGAR CORREDOIRA"
000045/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA REDE DE BIBLIOTECAS 2023 (CT236A)
000046/2023	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2023
000047/2023	NOMEAMENTO DE DONA SONIA MARIA CASCALLAR RIVAS COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA, CÓDIGO 15022AXAD-01, ADSCRITA O DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
000048/2023	PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE DON SANTIAGO VELEZ SERRANO COMO FUNCIONARIO EN COMISIÓN DE SERVICIOS NA PRAZA DE GARDA DE POLICIA LOCAL CO CÓDIGO DO CATÁLOGO DE POSTOS NÚMERO 15022GP05.
000049/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000050/2023	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 13.02.2023

O Pleno da Corporación queda enterado.

13. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.



14. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Rubido Ramonde di: Só quería preguntar como vai a redacción da ordenanza do uso do dominio público para ascensores?

O Sr. Alcalde di: De momento os técnicos do Concello non se puxeron a traballar nela ata que rematen, a parte do traballo que fan no día a día, mandámoslles tamén por prioridade o Inventario de camiños municipais e a redacción dos pregos, tanto administrativos como técnicos, do Plan Xeral. Os pregos técnicos xa están feitos e estamos a punto de rematar os administrativos. Tan pronto como teñamos os técnicos e os administrativos, convocaremos unha xuntanza de portavoces, una Comisión Informativa de Urbanismo onde cremos que debemos consensuar unha Comisión entre os tres partidos para que haxa un equipo de traballo sobre o Plan Xeral, algo que xa se ten comentado. O Plan non se vai aprobar agora, aprobarase dentro de 3 ou 4 anos, pero que se aprobe porque é totalmente necesario e debemos traballar todos nel e non facer do Plan Xeral unha cuestión política, senón algo que sexa transversal para todos e que o poñamos en coñecemento da sociedade e que poda participar todo o mundo, dende o instituto e o cole co Plan de Infancia ata os Orzamentos participativos. A partir de aí, Luís, cando teñamos iso, poñerémonos coa ordenanza, como comentaches naquel Pleno e no día de hoxe.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non teño ningunha pregunta máis.

O Sr. Alcalde di: Gracias a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ